

MINUTA-BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE VIMIANZO DE DATA 28/03/2015

Na vila de Vimianzo, ás once horas do día vinte e oito de marzo de dous mil quince, na sala de sesións da casa do Concello, constitúese en primeira convocatoria o Pleno do Concello ao obxecto de levar a cabo a sesión ordinaria convocada para este día.

Asisten os seguintes membros:

D. Manuel Antelo Pazos, alcalde
D. Fernando Mancebo Amigo
D.ª María José Ramos Rey
D. José Trillo Lema
D. José Antonio Miñones Riveiro
D.ª Mónica Rodríguez Ordoñez
D.ª María Carmen Hermida Tomé
D. Juan Carlos Amado Sambade
D.ª Mª Dulzura Quintáns Fidalgo
D. José Manuel Rodríguez Blanco
D.ª Montserrat Vázquez Miñones

Ausentes:

D. Juan Silva Jallas
D. Manuel Soto Pérez

Secretaria accidental: D.ª Ivanna Vidal Domínguez (R.A 445/2015, de 28/03/2015)
Interventor accidental: D. José Domingo Rodríguez Ferreira (R.A.1330/2014, de 16/10/2014)

De seguido comézase coa deliberación dos asuntos da Orde do Día.

1. Aprobación da acta da sesión ordinaria celebrada o 28 de febreiro de 2015

En cumprimento do disposto no artigo 91.1 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, o Sr. alcalde pregunta se algún membro da Corporación ten que formular algunha observación á citada acta.

O Sr. Rodríguez Blanco manifesta que cando se tratou o tema do estudo de detalle de Bañas comentou e non está reflexado, e que o corríxan se está equivocado, que se axilizaran os trámites todos, tanto para devolverlle o tema do ICIO, que dí que xa lle foi notificado, pero para devolverlle tamén os outros cartos e manifesta que lle gustaría saber o que se vai facer neste caso xa que non viu nada na acta e que quería saber se se lle vai notificar xa a esta señora porque non ve nada dese tema.

O Sr. Alcalde respóndelle que o que pode facer neste momento é alegacións á acta non preguntas que as pode facer despois no último punto.

O Sr. Rodríguez Blanco sinala que fai unha alegación á acta neste punto (punto 5º da dita acta).

O Sr. Alcalde pregúntalle cal é a alegación.

O Sr. Rodríguez Blanco responde que senón recorda mal, e se non gustaríalle escoitar a grabación, sinala que fixo constar que se axilizaran os trámites, neste caso a persoa que leva o expediente, que é a Sra. Ivanna, que lle notificara para que presenten as facturas, os gastos que tiveron, para devolverlle os cartos. Segue dicindo que el ten constancia que lle notificaron que lle devolvían uns oito mil euros e nada máis.

O Sr. Alcalde indícalle que non se trata de debatir sobre o que se fixo senón que se trata de falar de si considera que na acta non se recolle algunha intervención.

O Sr. Rodríguez Blanco respóndelle que sí, que o que acaba de comentar.

O Sr. Alcalde preguntalle que se considera que non se recolle a súa petición de que se axiicen os trámites .

O Sr. Rodríguez Blanco responde que si.

O Sr. Alcalde pregunta se hai algunha outra alegación.

Non habendo máis alegacións, queda aprobada a acta da sesión ordinaria do 28 de febreiro de 2015 coa observación formulada polo Sr. Rodríguez Blanco.

2. Modificación mediante expediente núm.2015/CE/01 de crédito extraordinario financiado con baixas por anulación, por importe de 38.400,00 euros; e expediente núm.2015/SC/01 de suplemento de crédito financiado con remanente de tesouraría para gastos xerais e baixas por anulación por importe de 204.795,13 euros.

O Sr. Alcalde dalle a palabra á secretaria accidental para dar lectura ao ditaminado na Comisión Informativa de Contas, Facenda e Orzamentos, do día 24 de marzo de 2015, que di o seguinte:

"(...) a Comisión Informativa de Contas, Facenda e Orzamentos, por dous votos a favor (BNG), dúas abstencións de PSOE e IxV e ningún voto en contra, ditaminou favorablemente a proposta de acordo.(...)". Proposta de acordo: "(...)Primeiro.- Aprobar inicialmente o expediente de modificación de crédito 2015/SC/01, co seguinte detalle;

➤ Aprobación de suplemento de crédito nas aplicacións orzamentarias que se sinalan de seguido, por importe total de 204.795,13 €.

APLICACIÓN ORZAMENTARIA	CONCEPTO	CONSIGNACIÓN ANTERIOR	IMPORTE MODIFICACIÓN	CONSIGNACIÓN RESULTANTE
135 22199	Protección civil.Otros subministros	6.000,00	10.000,00	16.000,00
151 22706	Urbanismo.Estudos e traballos técnicos	40.000,00	25.000,00	65.000,00
161 22100	Abastecemento de auga. Subministro de enerxía eléctrica	92.000,00	15.000,00	107.000,00
161 22199	Abastecemento de auga. Outros subministros	9.000,00	25.000,00	34.000,00
1621 22799	Recollida de residuos. Outros traballos realizados por empresas ou profesionais	220.000,00	41.709,60	261.709,60
165 22100	Alumeado público. Subministro de enerxía eléctrica	154.000,00	25.000,00	179.000,00
333 22799	Museos. Outros traballos realizados por empresas ou profesionais	45.000,00	25.000,00	70.000,00
337 22799	Ocio e tempo libre. Outros traballos	18.000,00	5.000,00	23.000,00



Concello de Vimianzo

	realizados por empresas ou profesionais			
342 22799	Instalacións deportivas. Outros traballos realizados por empresas ou profesionais	60.000,00	20.000,00	80.000,00
453 21000	Estradas. Conservación e mantemento de infraestruturas.	140.000,00	6.843,93	146.843,93
453 619 00	Estradas. Outros investimentos de reposición en infraestruturas	518.089,86	6.241,60	524.331,46
TOTAL			204.795,13	

> Financiamento:

1.- REMANENTE DE TESOURARÍA PARA GASTOS XERAIS:

CONCEPTO	DENOMINACIÓN	IMPORTE €
870 00	Remanente de tesouraría para gastos xerais	64.801,03
TOTAL		64.801,03

2.- BAIXAS POR ANULACIÓN:

APLICACIÓN ORZAMENTARIA	CONCEPTO	CONSIGNACIÓN ANTERIOR	IMPORTE MODIFICACIÓN	CONSIGNACIÓN RESULTANTE
011 22604	Débeda pública. Gastos xurídicos e contenciosos	56.238,73	-56.238,73	0,00
011 91300	Débeda pública. Amortización de préstamos a L/P no sector público	212.341,48	-78.079,20	134.262,28
132 12009	Seguridade e orde pública. Retribucións básicas. Outras retribucións	9.468,99	-769,89	8.699,10
132 12100	Seguridade e orde pública. Retribucións complementarias CD	24.472,32	-1.529,52	22.942,80
132 12101	Seguridade e orde pública. Retribucións complementarias CE	30.098,60	-1.713,80	28.384,80
132 16000	Seguridade e orde pública. Seguridade social	28.900,00	-1662,96	27.237,04
TOTAL BAIXAS			139.994,10	

Segundo.- Aprobar inicialmente o expediente de modificación de crédito 2015/CE/01, co seguinte detalle;

> Aprobación de CRÉDITO EXTRAORDINARIO nas aplicacións orzamentarias que se sinalan de seguido, por importe total de 38.400,00 €.

APLICACIÓN ORZAMENTARIA	CONCEPTO	IMPORTE MODIFICACIÓN
1532 60000	Pavimentación de vías públicas. Inversión en terreos.	26.300,00
171 61904	Parques e xardíns. Outros investimentos de reposición	12.100,00
TOTAL		38.400,00

> Financiamento:

BAIXAS POR ANULACIÓN:

APLICACIÓN ORZAMENTARIA	CONCEPTO	CONSIGNACIÓN ANTERIOR	IMPORTE MODIFICACIÓN	CONSIGNACIÓN RESULTANTE
011 31000	Débeda pública. Xuros	40.000,00	-20.300,00	19.700,00
132 12003	Seguridade e orde pública. Retribucións básicas. Soldo do grupo C1	34.560,96	-2.100,00	32.460,96
931 12101	Seguridade e orde pública Retribucións complementarias CE	77.933,80	-6.000,00	71.933,80
931 12000	Política económica e fiscal. Retribucións básicas. Soldo do grupo A1	26.617,20	-3.300,00	23.317,20
931 12009	Política económica e fiscal. Retribucións básicas. Outras retribucións	12.759,19	-1.100,00	11.659,19
931 12100	Seguridade e orde pública. Retribucións complementarias CD	36.363,12	-2.900,00	33.463,12
931 16000	Seguridade e orde pública Seguridade social	47.094,00	-2.700,00	44.394,00
TOTAL BAIXAS POR ANULACIÓN			38.400,00	

Terceiro.- Expoñer ao público dito expediente durante 15 días mediante a publicación de anuncios no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro municipal de edictos.

Cuarto.- Aprobar, con carácter definitivo, o referido expediente se contra o mesmo non se presentasen reclamacións durante o prazo de exposición pública.

Quinto.- Publicar, unha vez aprobada a modificación, un resumo a nivel de capítulos no taboleiro municipal de edictos e no Boletín Oficial da Provincia (...).

A continuación o Sr. Alcalde explica que con esta modificación orzamentaria preténdense satisfacer tres demandas:

Explica que por un lado hai unha previsión destinada a arranxar o parque infantil de Vimianzo do que dí que incluso se suscitou o debate no último Pleno. Segue explicando que por outro lado hai unha previsión para adquirir unha finca na parroquia de Cereixo que satisfaga as demandas veciñais para unha praza pública que permita a realización de eventos, como festas populares ou mesmo aparcadoiros cando hai outro tipo de eventos como funerais ou enterros; o máis próximo posible a un núcleo do Porto de Cereixo, o máis próximo posible á igrexa. Segue explicando que nese sentido xa se teñen feito xestións por parte dos veciños e da asociación de veciños e indica que existen oportunidades que ou ben se collen no momento ou senón despois non se volven a repetir e dí que hai unha posibilidade de adquirir unha finca moi importante e que se neste momento non se aproveita non sempre se poderían ter as mesmas oportunidades.

Prosegue dicindo que se trata de equilibrar o orzamento sobretudo de cara ao vindeiro mandato. Segue explicando que os recoñecementos extraxudiciais de crédito non son outra cousa que os gastos que non se pagaron no exercicio anterior, que se foron arrastrando dende o ano 2011 foron desequilibrando un orzamento e imposibilitando desa forma recoñecer as facturas e proceder ao pagamento. Continua dicindo que intentaron o ano pasado, co aforro conseguido do remanente, repoiñar eses cartos, eses fondos, pero que non foi posible porque a oposición votou en contra e entenden que tamén neste caso procedería facer o mesmo tendo en conta precisamente esa capacidade de aforro que houbo minorando a débeda bancaria que permite eses gastos previstos dentro do orzamento destinados para o recoñecemento extraxudicial, do que indica, que se falará continuación. Conclúe dicindo que isto é a explicación máis clara de porqué se trae a modificación orzamentaria.

A continuación intervéno o Sr. Miñones Riveiro, que dí que están totalmente de acordo sobre todo na pista, nas parcelas que se queren adquirir en Cereixo porque teñen en conta que nestes momentos non teñen onde celebrar un acto público xa que o estaban facendo na praza da igrexa



Concello de Vimianzo

que, se non ten mal entendido, é parroquial. Segue dicindo que respecto do parque de Vimianzo son conscientes de que o parque necesita unha renovación, arranxos pero xa de inmediato. Ao respecto do recoñecemento extraxudicial de crédito sinala que teñen as súas dúbidas pero que se hai xente que fixo os seus suministros e as súas labores no concello de Vimianzo pois ten dereito a cobrar aínda que a xestión do goberno puido ser máis previsible nese aspecto e que lle van dar o seu voto a favor.

A continuación intervén a Sra. Rodríguez Ordoñez que en primeiro lugar desculpa a ausencia do seu compañeiro, o Sr. Soto Pérez que non pode acudir por motivos laborais.

Prosegue dicíndolle ao Sr. alcalde que cando fala de equilibrio encántalle, que leva presumindo dos asesores deste goberno, os matemáticos que teñen, que se presume bastante pero que o equilibrio non se ve e que se de verdade foran tan aforradores e aplicaran ese equilibrio non terían o que se encontran aquí, duascenas noventa facturas, incluso dende dous mil catro. Continúa dicíndolle que presumen de que pagan en dez ou quince días e que hai facturas de dous mil catorce sen pagar e que se está a falar de duascenas noventa facturas e que o Sr. Alcalde, por un lado, lles vende por un lado, ao que non están en contra para nada, de que hai unha oportunidade de comprar un terreo en Cereixo, de que hai que arranxar, e recorda que no Pleno anterior IxV fixo esa queixa da necesidade que hai; e séguelle dicindo que lles trae aquí para amedrentar, e sinala que non sabe se "oe arreglo esto para arreglar o problema que ten vostede". Sinala que o Sr. Alcalde está poñendo en xogo que para arranxar dúas necesidades de Vimianzo quere arranxar unha desfeita que él fixo e que están a falar de douscentos e pico mil euros que ten sen pagar por ese desequilibrio, por esa compra, por ese mal gasto, por eso que non fai, que presume como xestor pero que non é, e dille que por un lado quere arranxar unha cousa para enfrontarnos a outra e indica que non están para nada en contra desas dúas inversións que Vimianzo merece e necesita pero, dille ao Sr. Alcalde, que non lles veña a apretar para que lle resolan un problema dunha falta de xestión. Sinala que son coñecedores de que no Concello de Vimianzo, por desgraza, hai moitos provedores sen cobrar e ata se atrevería a dicir que non están todas as facturas aquí, que hai facturas de xente que está chamando porque reclaman o seu pago. Segue dicíndolle que non veña presumindo de tanto aforro enerxético, tanto aforro en gastos financeiros e dille que aforran todos os días pero que agora se atopan con isto e que deixe de mentir e que plasme os números como hai que plasmarlos, que Vimianzo ten necesidades, que Vimianzo merece facer estas obras que o Sr. alcalde acaba de mencionar, pero sinala que Vimianzo non merece atoparse con isto que o Sr. Alcalde está presumindo e que leva catro anos presumindo e di que dende IxV van votar en contra a estas chapuzas que o goberno de Vimianzo quere facer, non porque estean en contra destes proxectos e dille que faga os proxectos nos plans que pode facer ou que negocie como teña que negociar pero non con estas trapalladas que o goberno de Vimianzo lles quere traer hoxe ao Pleno e dende IxV, dende logo, neste punto, en principio van ir en contra.

A continuación intervén o Sr. Amado Sambade, que indica, visto o visto, máis do mesmo. Sinala que está de acordo que os veciños de Cereixo teñen falta desa obra como os de Vimianzo de arranxar o parque pero non están de acordo coa cantidade de facturas que se puideron por noutro orzamento, como a luz ou o cloro e un millón de cousas e que agora as trae aquí para que lle solucionen os seus problemas e sinala que dende o Partido Popular van a votar en contra a esta punto.

Deseguido intervén o Sr. Rodríguez Blanco, que sinala que xa o veñen de explicar os compañeiros da oposición e que ao final volven ao de sempre. Dille que non debían ningunha factura de dous mil catorce, que se tiña todo pagado e non se debía nada e di que pode ver todo o mundo as facturas que están sen pagar, de luz, de tubos, de formigón, de tubos, de hormigón, de tubos e dille ao Sr. Alcalde que falaba do Sr. Alejandro pero que el é moito peor nese aspecto

que o Sr. Alejandro cos tubos e di que se ten que andar con coidado polas estradas que balen os camiños cos tubos, que é unha pasada. Segue dicindo que lle recomendaría que no próximo POS a estrada de Bañas a Baio que entube as dúas cunetas dun lado ao outro porque así evitan o problema de tubo aquí e tubo alí, entuban as dúas cunetas e quedan perfectos.

Continúa dicindo que algunha das empresas que fixeron estes traballos deberían falar con eles, coa oposición, e lles dixeran que fixeron este traballo neste sitio e que se fixeron ese traballo e era necesario hai que pagalo pero non saben e indica que Construcciones Germán Mouzo fixo unha obra de case sete mil euros e non sabe onde, e segue dicindo que indica Treos pero habería que saberlo e que o Sr. alcalde e o concelleiro de obras debería ter a dignidade de falar con eles -xa que agora teñen que aprobar case trescentos mil euros-falar con eles antes de facela ou despois e di que se lle explican que hai que facela porque é urxente, pois sen problema ningún e que eles non van facer como fixo o Sr. Alcalde cunha empresa de Vimianzo en plena campaña electoral que lle presentou unha querela e que iso non o van a facer con ningunha das empresas que traballaron aquí, e segue explicando que os mandaron ao xulgado porque parece que fixo unhas obras en campaña, e dille ao Sr. Alcalde que é o que está facendo el agora, sen orzamento, algo parecido, que non é igual pero algo parecido e dille que eles non o van a facer. Continúa dicindo que as empresas debían reunirse coa oposición xa que o Sr. Alcalde non ten capacidade para aprobar isto, que falen con eles e a raíz de que falen con eles reúnen co Sr. Alcalde e se as obras están feitas, dille ao Sr. Alcalde, que se van pagar, porque el sabe que ten que cobrar todo mundo e sinala que xa se pagaron antes de agora pero que o que non pode ser e que lles veña con esta película aquí. Sinala unha factura de Pérez Rey e manifesta que se imaxina de que é pero non sabe se é cemento, tubos ou que é, e dille que lle teñen que explicar un pouco máis este tema porque é un tema serio e hai que ver se as obras están feitas porque hai algún camiño pola súa zona e explica que sempre cando as empresas facían obras primeiro metíanlle pedra e logo zahorra e que aquí as pistas na nosa comarca con Barro non funcionan, porque aquí chove e en Vimianzo e tamén onde vive o Sr. alcalde, en Urroa, e dille que as pistas hainas que facer con un pouco de sentido común e senon se poden facer catro quilómetros faise un e medio e faise con zahorra e con pedra como é debido. Prosegue explicando que estes días que andivo por ahí, viu algunha obra que está totalmente desfeita e que seguramente algunha está aquí. Segue dicindo que se imaxina que a obra que fixo German Mouzo foi o sobreecho do tramo de Tines a Treos e que xa está todo desfeito tamén, que xa tiveron que andar bacheando tamén e segue dicindo que eles tamén teñen que informarse un pouco e dille ao Sr. Alcalde que ten que entender a súa postura nese caso e dille que o que ten que facer e reunirse coa oposición e van ver as obras e algunha que que queiran ver, se hai algunha pequena que non ten importancia, pero van velas e daranlle o visto bo ou non e que pola súa parte non vai ter ningún problema se as obras están executadas e están ben feitas pero o que non poden darlle é un cheque en branco porque para a semana que ven seguramente ten máis facturas no caixón, di que segurísimo, que están seguros que as ten, que hai un caixón cheo delas. e continua dicindo que para a semana, outra vez, e van a aprobarlle ao alcalde outra vez cento e pico mil euros para as súas caprichaditas que ten aquí feitas. Sinala que o Sr. Alcalde ou a Sra. secretaria podía ler as facturas todas para que a xente vexa o que son, para que vexa os gastos que hai aquí. Segue dicindo que o Sr. Alcalde quere que lle apoiem isto pero que lle van a votar en contra desta proposta e ademais dille que a finca que quere comprar en Cereixo conte co seu apoio cando queira, que faga un Pleno e vai contar co seu apoio para comprar esa finca, co parque infantil exactamente igual, e dille que faga un Pleno cando queira, que busque a partida senon pode ser nun Plan da Deputación, da Xunta ou do que sea e que conte co seu apoio cando queira e teno claro e dille que con estas obras, con estas partidas todas non lle di que non as apoiem tamén pero queren saber un pouco se estas obras están feitas, se se fixeron e sinala que están en un mal momento, que están en un momento preelectoral e dille que diso o Sr. alcalde sabe moito e queren saber que non estean facendo algo que despois teñan problemas todos e por ese motivo sinala que lle van votar en contra.



Concello de Vimianzo

A continuación volve intervir o Sr. Alcalde que sinala que a el non lle fan absolutamente ningún favor e que a quen están perxudicando é aos veciños de Vimianzo e aos provedores habituais e dí que ninguén pense que aquí hai obras preelectorais e dí que é a consecuencia dunha herencia recibida no seu momento, no ano dous mil once.

Segue explicando que no ano dous mil once cando accederon ao goberno houbo que asumir un recoñecemento extraxudicial por trescentos mil euros que se foi arrastrando todos os anos, iso a nivel de gasto, a nivel de orzamento. E dílle que o saben perfectamente, que saben distinguir entre liquidez, recursos e entre orzamento e sinala que hai unhas previsións de gasto e ao principio de cada ano se morde o orzamento trescentos mil euros e que o quixeron corrixir o ano pasado, que é cando podían corrixir, restituíndo ese burato co remanente, que se lles permitía facer. Segue dicindo que o ano pasado no mes de setembro levaron unha proposta para restituír o recoñecemento extraxudicial que se aprobara en anos anteriores, por máis de douscentos trinta e cinco mil euros, e que dílles que votaron en contra, evidentemente, sabendo que iso se ía arrastrar para este ano, porque son os gastos xerais aos que fixeron referencia, que é gas natural, o cloro, os gastos habituais e agora sinala que non están discutindo nin sequera sobre iso e o que están discutindo é de tratar que non quede ese burato, de tapalo, de equilibrar ese orzamento e iso é o que están discutindo. Continúa dicindo que existe un responsable porque se mantena un recoñecemento extraxudicial non é un goberno, claro que o goberno podía actuar, que e moi fácil, que apagaban as luces todas, se lles parece ben, que cortaban a auga, se lle parece ben, e dí que iso podían telo feito ou ben que se mantivese ese gasto, que evidentemente había que pagalo para este ano, como se fixo o ano anterior, o ano anterior, dende o ano dous mil once.

Segue explicando que neste momento o concello de Vimianzo ten medio millón de euros en recursos líquidos, en cartos, medio millón euros e sinala que o recoñecemento extraxudicial é de douscentos catro mil e se o ano pasado a oposición non votase en contra de incrementar o gasto corrente en douscentos trinta e cinco mil sinala que hoxe non estarían co recoñecemento extraxudicial e que esa é a realidade e que agora o disfracen do que queiran.

Prosegue dicindo que sacando este problema puntual, que ademais o teñen todos os concellos que non é só o Concello de Vimianzo e poden mirar a prensa que todos os concellos a principios de ano teñen recoñecemento extraxudicial. Indica que polo demais se está cobrando a menos de trinta días e sinala que existe unha obriga de facelo público e está na páxina web, en transparencia, e indica que ahí están eses datos e dí que nunca houbo unha xestión económica como a actual no Concello de Vimianzo e que outra cousa é que non teñen unha Corporación que non é responsable, que está esperando única e exclusivamente en como fastidiar ao goberno e agora chegaron as eleccións e dílles que non saben o que van a dicir precisamente a un provedor que fixo o seu traballo e que non lle queren pagar e dí que hai unha explicación que non lle queren pagar porque queren fastidiar ao alcalde e dílles que non sabe se lles entenderá e dílle que lles expliquen o que lles de a gana pero que pagar hai que pagar e ademais sinala que existen responsabilidades porque o goberno establece a obriga de pagar e indica que teñen cartos de sobra, e dí que falan de douscentos mil euros e teñen máis de medio millón en conta e dí que teñen cartos de sobra para pagar e sinala que as responsabilidades tamén sobre quen vota aquí e os xuros que se deriven tamén haberá que asumilos porque indica que como ven saben hai cousas que non son de capricho, nin de me gusta, nin de non me gusta senón son obrigas e se eses traballos están realizados, e dí que están realizados, que os hai que pagar, que se está consumida a enerxía eléctrica a hai que pagar, que se están subministrados os produtos químicos, que os hai que pagar porque explica que iso foi o que fixeron cando chegaron, con responsabilidade e incluso indica que tiveron que pagarlle as facturas de Manuel Rodríguez Lema non estando en acordo con moitas cousas pero indica que a responsabilidade cando o está aquí len que asumila e non vale dicirle aos veciños nos estamos a favor desta obra ou de que se compre esta finca, empregar todo este tipo de argumentos. Por último dílles que fagan o que consideren oportuno e espera que a partir de maio dende logo haxa unha corporación con sentido

común sobretodo e con sentido da responsabilidade e sobretodo con proxección de defender os intereses públicos.

Rematadas as intervencións e sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por cinco votos a favor do BNG (Sr.alcalde, Sr.Mancebo Amigo, Sra.Ramos Rey e Sr.Trillo Lema) e do PSdeG-PSOE (Sr.Miñones Riveiro), seis votos en contra de IxV (Sra.Rodríguez Ordoñez e Sra.Hermida Tomé), PP (Sr.Amado Sambade e Sra.Quintáns Fidalgo) e concelleiros non adscritos (Sr.Rodríguez Blanco e Sra.Vázquez Miñones), e ningunha abstención, non aproba o ditame da comisión.

3. Recoñecemento extraxudicial de créditos (2015/REC/01) por importe de 217.947,87 euros.

O Sr. Alcalde dale a palabra á secretaría accidental para dar lectura ao ditaminado na Comisión Informativa de Contas, Facenda e Orzamentos, do día 24 de marzo de 2015, que dí o seguinte:

"(...) a Comisión Informativa de Contas, Facenda e Orzamentos, por dous votos a favor (BNG), dúas abstencións de PSOE e IxV e ningún voto en contra, ditaminou favorablemente a proposta de acordo(...)". Proposta de acordo: "(...)Primeiro.- Aprobar o expediente nº 2015/REC/01 de recoñecemento extraxudicial de créditos por importe de 217.947,87 € a favor dos terceiros que figuran na relación anexa.

Segundo.- Dar traslado do acordo adoptado no Pleno, ao departamento contable para que proceda a contabilización das obrigas recoñecidas para proceder posteriormente a ordenar o seu pago.

Terceiro.- No caso da factura F/2014/2046, o recoñecemento e orden de pago, debe producirse unha vez aprobado definitivamente o expediente de modificación de créditos 2015/SC/01."

A secretaría accidental tamén sinala que consta relación anexa de facturas (290 facturas), ás que non se lle da lectura pero que se sinalan deseguido:

Nº de Entrada	Data Rexistro	Terceiro	Nome	Descrición	Importe Total
F/2014/1928	08/10/2014	815566383	SUENOR SL	FRA Nº DE MATERIAL PARA O MANTEMENTO DA ILUMINACION PUBLICA	215,79
F/2014/1929	08/10/2014	815566383	SUENOR SL	FRA Nº DE MATERIAL PARA O MANTEMENTO DA ILUMINACION PUBLICA	470,67
F/2014/1930	08/10/2014	870047725	PRODUCTOS BERGANTIÑ SL	FRA Nº DE PRODUCTOS PARA O TRATAMENTO DA AUGA DE CONSUMO	4.405,97
F/2014/1937	09/10/2014	76331896W	TRILLO CAAMAÑ FRANCISCO	FRA Nº DE TRABALLOS ARRANXOS DAS REDES DE DISTRIBUCION DO SERVIZO DE AUGA	721,77
F/2014/1946	10/10/2014	815353535	PEREZ REY SL	FRA Nº IMPORTE DE MATERIAIS PARA O SERVIZO DE AUGAS	5.107,03
F/2014/1948	13/10/2014	815489131	ALQUILERES RENEYMAR SL	FRA Nº POLO ALUGUER DE 4 DUMPER PARA OS SERVICIOS MUNICIPAIS, DO 31/08-30/09/2014	1.541,43
F/2014/1950	13/10/2014	815832405	SIAVI SL	FRA Nº POLO SERVIZO DE CONTAINES PARA RECOLLIDA RESIDUOS OBRAS NAS VÍ MUNICIPAIS	1.288,30
F/2014/1958	14/10/2014	76359827B	MENDEZ PEREZ MATILDE	FRA Nº POLO MANTEMENTO E ARRANXO CAMION DA RECOLLIDA DO LIXO C2697CG	2.497,31
F/2014/1962	14/10/2014	32775572C	AMIGO CALO JOSE MARIA	FRA Nº POR TRABALLOS NAS BEIRARRUAS DE BAIÑ	363,00
F/2014/1977	16/10/2014	76348307Z	MIRANDA PAZOS ANTONIO	FRA Nº IMPORTE DE MATERIAIS VARIOS PARA AS CUADRILLAS DE LIMPEZA DO RISGA	88,80
F/2014/1991	20/10/2014	79331451N	PEREZ BLANCO JAVIER	FRA Nº POLO MANTEMENTO TRACTOR DESBROZAR	128,26
F/2014/1993	20/10/2014	79331451N	PEREZ BLANCO JAVIER	FRA Nº POLO MANTEMETNO DE VEHICULOS DE PROTECCION CIVIL	91,96



Concello de Vimianzo

Nº de Entrada	Data Rexistro	Terceiro	Nome	Descrición	Importe Total
F/2014/1994	20/10/2014	79331451N	PÉREZ BLANCO JAVIER	FRA 1A POLO MANTENIMENTO DO CAMIÓ DA RECOLLIDA DO LUXO 9163DPG	1.716,99
F/2014/2014	22/10/2014	82779493Z	NORGALUCIA FORMIGON SL	FRA Nº IMPORTE DE FORMIGON PARA ARRANXO REDE SUMIDOIRO NA FONTE DOS CABALOS-VIMIANZO	678,81
F/2014/2027	23/10/2014	76363040G	LAVANDEIRA SUAREZ JESUS	FRA Nº POR TRABALLOS REALIZADOS NA REDE DE SUMIDOIROS NA TORRE-VIMIANZO	1.161,60
F/2014/2028	24/10/2014	81546796Z	COGAMI RECICLADO GALICIA SL	DEFRA Nº POLA RECOLLIDA SELECTIVA DE ELECTRODOMESTICOS E VOLUMINOSOS DURANTE O MES DE SETEMBRO 2014	448,33
F/2014/2029	24/10/2014	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDGFRA	Nº CONSUMO LUZ ILLUMIN.PUBLIC EN TUFIONS, PERIODO 12/08/14-09/09/2014	385,52
F/2014/2030	24/10/2014	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDGFRA	Nº CONSUMO LUZ ILLUMIN.PUBLIC EN CARNES, PERIODO 14/08/14-12/09/2014	444,72
F/2014/2031	24/10/2014	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDGFRA	Nº POR CONSUMO LUZ BOMBEO AUGA DA BOUZA, PERIODO DO 19/07/14-21/08/2014	224,89
F/2014/2032	24/10/2014	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDGFRA	Nº CONSUMO LUZ BOMBEO AUGAS RESIDUAIS EN BAIÑ PERIODO 10/07/14-22/08/2014	419,52
F/2014/2033	24/10/2014	A6506733Z	GAS NATURAL SUR SDG SA	FRAS CONSUMO LUZ ILLUMINAC.PUBLICA PARROQ.BAIÑ 19/08-17/09/2014	3.810,46
F/2014/2036	27/10/2014	81547703Z	VIMIANZO MOTOR SL	FRA Nº POLO MANTENIMENTO VEHICULO 2167GPP DO SERVIZO DE AUGAS	167,33
F/2014/2038	28/10/2014	76359877S	PÉREZ REGO SEVERINO	LORENZOFRA Nº POLO ALUGUER DUNHA DESBROZADORA PARA OS EQUIPOS DE LIMPEZA ACCESOS NUCLEOS, OUTUBRO 2014	240,00
F/2014/2039	28/10/2014	76359877S	PÉREZ REGO SEVERINO	LORENZOFRA Nº POR ARRANXOS MAQUINARIA DE PROTECCION CIVIL	1.337,05
F/2014/2046	29/10/2014	81583255Z	CONSTRUCCIONES EXCAVACIONES MOUZO SL	YFRA Nº DA CERTIFICAC.NUM.3 LIQUIDAC OBRA GERMANREPARAC.E MELLORA FIRME, BORDOS, BEIRAVI ESTRADA TINES-QUINTANS	6.241,60
F/2014/2052	31/10/2014	32819322R	GANDARA ANTELO JOSE	FRA Nº IMPORTE DE MATERIAIS PARA OS SERVIZOS ELECTRICOS	105,98
F/2014/2059	31/10/2014	52433205J	ROJO FONDO JOSE	FRA Nº POR ARRANXOS MAQUINARIA DEPÓ AUGA DE VIMIANZO	361,18
F/2014/2062	31/10/2014	81556638Z	SUELNOR SL	FRA Nº IMPORTE DE MATERIAL ELECTRICO PARA O MANTENIMENTO DA ILLUMINACION PUBLICA	688,84
F/2014/2064	31/10/2014	76297818X	CERNADAS ARTURO	RODRIGUEZFRA Nº IMPORTE DE PINTURA E OUTROS MATERIAIS PARA PINTADO DE VAOS EN VIMIANZO	464,77
F/2014/2066	31/10/2014	32819322R	GANDARA ANTELO JOSE	FRA Nº DE MATERIAL PARA OS SERVIZOS DE PROTECCION CIVIL	122,55
F/2014/2067	31/10/2014	32819322R	GANDARA ANTELO JOSE	FRA Nº DE MATERIAL PARA O SERVIZO DE AUGAS	181,19
F/2014/2073	03/11/2014	81515453Z	TALLERES LEMA RODRIGUEZ SL	FRA Nº POR ARRANXO DO VEHICULO DO SERVIZO DE AUGAS 2167GPP	177,87
F/2014/2082	03/11/2014	81576679Z	OFICINA GALEGA PROXECTOS ARQUITECTONICOS S.L.P	DEFRA Nº HONORARIOS REDAC.PROXECTO REHABIL.CENTRO INTERPRETACION FLUVIAL:AULA DA AUGA	3.363,80
F/2014/2085	03/11/2014	82779493Z	NORGALUCIA FORMIGON SL	FRA Nº DE FORMIGON PARA ARRANXO NO RIO CANLE DO MUIÑ	490,05
F/2014/2100	04/11/2014	76348187D	CALZAS PEREIRO RAMON	FRA Nº DE MATERIAL VARIO PARA O SERVIZO DE AUGAS	85,72
F/2014/2102	04/11/2014	76348187D	CALZAS PEREIRO RAMON	FRA Nº DE MATERIAIS VARIOS PARA OS SERVIZOS DA EDAR-VIMIANZO	101,62
F/2014/2106	04/11/2014	76348187D	CALZAS PEREIRO RAMON	FRA Nº DE MATERIAIS VARIOS PARA OS SERVIZOS DA ILLUMINACION PUBLICA	272,76
F/2014/2107	04/11/2014	76348187D	CALZAS PEREIRO RAMON	FRA Nº 1410945 DE MATERIAL VARIO PARA ARRANXOS EN VÍ E SERVIZOS MUNICIPAIS	540,71
F/2014/2109	05/11/2014	79331573L	CALZAS INSUA DAVID	FRA Nº POLO ALUGUER DE MAQUINARIA PARA OBRAS MUNICIPAIS	342,76
F/2014/2110	05/11/2014	76338350Q	AMEUIRAS GANDARA JOSE	FRA Nº POLO MANTENIMENTO DO CAMIÓ DA RECOLLIDA DO LUXO 9163-DPG	394,56
F/2014/2114	05/11/2014	815482839	GASOLEOS VIMBER SL	FRA Nº POLO COMBUSTIBLE PARA A CALEFACCION DO CENTRO MEDICO	1.740,00
F/2014/2116	06/11/2014	A6506733Z	GAS NATURAL SUR SDG SA	FRA Nº CONSUMO LUZ CENTRO SOC.CULTURAL DE BAIÑ PERIODO 18/09/14-17/10/2014	238,76

Nº de Entrada	Data Rexistro	Terceiro	Nome	Descrición	Importe Total
F/2014/2117	06/11/2014	A6506733Z	GAS NATURAL SUR SDG SA	FRA Nº CONSUMO LUZ DEPURADORA OUTEIRO, PERIODO 19/09/14-17/10/2014	237,95
F/2014/2121	07/11/2014	87004772S	PRODUCTOS BERGANTIÑ SL	QUIMICOSFRA Nº DE PRODUCTOS PARA TRATAMENTO AUGA	5.006,19
F/2014/2126	10/11/2014	81560493Z	COMERCIAL BENEDICTO SL	AGRICOLAFRA Nº DE PENSO PARA OS CANS RECOLLIDOS EN PROTECCION CIVIL	24,99
F/2014/2134	10/11/2014	76321492V	CUNDINS NOVOA ANSELMO	FRA 1112014 POR TRABALLOS ARRANXO CAMIÑ EN TREVIÑ	2.363,70
F/2014/2140	12/11/2014	81535353S	PÉREZ REY SL	FRA Nº POLO SUBMINISTRO DE AMTERIAS PARA O SERVIZO DE AUGAS	1.920,27
F/2014/2141	12/11/2014	81535353S	PÉREZ REY SL	FRA Nº IMPORTE DO SUBMINISTRO DE VARIOS MATERIAIS PARA OS SERVIZOS DE CAMIÑ E VIAS MUNICIPAIS	2.412,33
F/2014/2142	12/11/2014	A7425528Z	CIDE HCENERGIA SA	FRA 1CSN141000018306 POLO CONSUMO DE LUZ DA PISCINA MUNICIPAL DE VIMIANZO, PERIODO 02/09/14-01/10/2014	640,86
F/2014/2143	12/11/2014	815489131	ALQUILERES RENEYMAR SL	FRA Nº POLO ALUGUER DUMPER AUSA DURANTE O PERIODO 30/09/14-30/10/2014	399,98
F/2014/2146	12/11/2014	81535353S	PÉREZ REY SL	FRA Nº DE MATERIAIS VARIOS PARA OS SERVIZOS DE SUMIDOIROS EN VARIOS LUGARES	2.361,06
F/2014/2153	14/11/2014	76321759P	FERNANDEZ BRAULIO	LORENZOFRA Nº POR ARRANXOS COMPORTA DEPÓ AUGA DE CALO	163,35
F/2014/2154	14/11/2014	76321759P	FERNANDEZ BRAULIO	LORENZOFRA Nº IMPORTE DE REIXAS PARA ARRAXOS VIAS NA CARBALLA	653,40
F/2014/2155	14/11/2014	76321759P	FERNANDEZ BRAULIO	LORENZOFRA Nº POR ARRANXOS PORTALON GARAXE DA POLICIA LOCAL	72,60
F/2014/2157	14/11/2014	81556638Z	SUELNOR SL	FRA Nº IMPORTE DE MATERIAL ELECTRICO PARA PUHTO DE LUZ NA RECTA DE OGAS, CON MOTIVO ACCIDENTE DE TRAFICO	689,88
F/2014/2159	14/11/2014	J7020219T	TALLERES PACO SC	FRA Nº POR ARRANXOS NO CHIMPIN DOS SERVIZOS MUNICIPAIS E-6946-BGB	242,92
F/2014/2160	14/11/2014	J7020219T	TALLERES PACO SC	FRA Nº POR ARRANXOS VEHICULO 4637-CXH DOS SERVIZOS ELECTRICOS	38,72
F/2014/2161	14/11/2014	J7020219T	TALLERES PACO SC	FRA Nº POR ARRANXOS VEHICULO 5016FVC DE PROTECCION CIVIL	50,12
F/2014/2162	14/11/2014	J7020219T	TALLERES PACO SC	FRA Nº E MATERIAL PARA OS SERVIZOS DE PROTECCION CIVIL	27,83
F/2014/2163	14/11/2014	J7020219T	TALLERES PACO SC	FRA Nº POR ARRANXOS NO VEHICULO DE PROTECCION CIVIL 0512BGC	46,89
F/2014/2164	14/11/2014	J7020219T	TALLERES PACO SC	FRA Nº POLO MANTENIMENTO NO VEHICULO DE PROTECCION CIVIL 7051-FID	14,71
F/2014/2166	15/11/2014	A7425528Z	CIDE HCENERGIA SA	FRA 1CSN141000018310 CONSUMO LUZ CENTRO MEDICO, PERIODO DO 02/09/14-01/10/2014	727,19
F/2014/2167	15/11/2014	A7425528Z	CIDE HCENERGIA SA	FRA Nº CONSUMO LUZ CEIP SAN VICENZO DE VIMIANZO, PERIODO 02/09/14-01/10/2014	856,72
F/2014/2168	15/11/2014	A7425528Z	CIDE HCENERGIA SA	FRA Nº CONSUMO LUZ POLIDEPORTIVA DE BAIÑ PERIODO 02/09/14-01/10/2014	369,85
F/2014/2169	15/11/2014	A7425528Z	CIDE HCENERGIA SA	FRA Nº CONSUMO LUZ ESTAC.BOMBEO PLUVIAIS DA PONTERRODA, PERIODO 02/09/14-01/10/2014	349,15
F/2014/2170	15/11/2014	A7425528Z	CIDE HCENERGIA SA	FRA 1CSN141000016560 CONSUMO LUZ EDAR DE VIMIANZO, PERIODO DO 02/09/14-01/10/2014	3.237,67
F/2014/2171	15/11/2014	A7425528Z	CIDE HCENERGIA SA	FRA 1CSN141000016564 CONSUMO LUZ DA CASA DA CULTURA DE VIMIANZO, PERIODO DE02/09/14-01/10/2014	1.006,10
F/2014/2172	15/11/2014	A7425528Z	CIDE HCENERGIA SA	FRA 1CSN141000018309 CONSUMO LUZ CAMPO MUNPAL DE FUTBOL DE VIMIANZO, PERIODO 02/09/14-01/10/2014	796,83
F/2014/2174	17/11/2014	815806078	INSMONTEL CUTRIN SL	FRA SERIE 2014/14 Nº ARRANXO POSTE E LUMINARIA DA ILLUMINAC.PUBLICA NA RECTA DE OGAS, ACCIDENTE DE TRAFICO	157,30
F/2014/2175	17/11/2014	32434229C	GANDARA ANTONIO	MARTINEZFRA Nº POLO MANTENIMENTO VEHICULOS POLICIA LOCAL 3159GSJ E 4088FSR	60,01
F/2014/2176	17/11/2014	32427501P	GANDARA MARTINEZ CARLOS	FRA Nº POLO MANTENIMENTO DE VEHICULOS MUNICIPAIS 4088FSR, 2167GPP E 7051FGD E 6775CSB	815,98



Concello de Vimianzo

Nº de Entrada	Data Rexistro	Terceiro	Nome	Descrición	Importe Total
F/2014/2177	17/11/2014	B15467962	COGAMI RECICLADO GALICIA SL	DEFRA Nº POLA RECOLLIDA SELECTIVA ELECTRODOMESTICOS E VOLUMINOSOS, MES DE OUTUBRO 2014	470,33
F/2014/2179	18/11/2014	A74255282	CIDE HCENERGIA SA	FRA 1CSN141100184340 CONSUMO LUZ LOCAL CULTURAL DE REBOREDO, PERIODO 01/09/14-26/10/2014	28,30
F/2014/2182	18/11/2014	32439443J	SAMPEDEO SANTOS JULIO	FRA Nº ARRANXO DA MESA DE MEZCLAS NA CASA DA CULTURA	472,30
F/2014/2197	19/11/2014	B15604937	COMERCIAL BENEDICTO SL	AGRICOLA FRA A/326 DE PENSO PARA OS CANSA RECOLLIDOS DA RUA EN PROTECCION CIVIL	24,99
F/2014/2199	19/11/2014	46898269G	FIDALGO ANTONIO	DOMINGUEZ FRA Nº POLA LIMPEZA EQUIPACIONES DEPORTIVAS SET.OUTUBRO 2014 E MANTEIS DA CASA DA CULTURA	344,85
F/2014/2203	20/11/2014	A74255282	CIDE HCENERGIA SA	FRA 1CSN141100101563 CONSUMO LUZ CENTRO SOC.CULTURAL DE SEÑ PERIODO 29/08/14-26/10/2014	51,32
F/2014/2204	20/11/2014	A74255282	CIDE HCENERGIA SA	FRA 1CSN141100101513 CONSUMO LUZ LOCAL CULTURAL DE QUINTANS DE TREOS, PERIODO 27/08/14-26/10/2014	33,26
F/2014/2205	20/11/2014	A74255282	CIDE HCENERGIA SA	FRA Nº CONSUMO LUZ ILUMINACION PUBLICA DE CASTRO, PERIODO 28/08/14-26/10/2014	127,27
F/2014/2207	21/11/2014	76348406K	GANDARA ANTELO FRANCISCO	FRA 1000949 POLO MANTENIMENTO DE MAQUINARIA SERVIZOS MUNICIPAIS PROTECCION CIVIL	1.402,78
F/2014/2209	21/11/2014	B27794932	NORGALICIA FORMIGON SL	FRA Nº IMPORTE DE FORMIGON PARA ARRANXOS VIAS PUBLICAS EN TEDIN	636,46
F/2014/2217	24/11/2014	B15477037	VIMIANZO MOTOR SL	FRA Nº POR ARRANXOS NO VEHICULO DO SERVIZO DE AUGAS 2167 GPP	147,51
F/2014/2218	24/11/2014	G15424195	ASOC CULTURAL O REVOLTIÑO	FRA Nº POR ACTUACIONES DO GRUPO NA DEVESA, DE S.MARTIN DE CARANTOÑ BAÑI SANTA IRENA E MONTEORAN DURANTE O ANO 2014	1.250,00
F/2014/2219	25/11/2014	76362958Z	MOSQUERA CASTRO DAVID	FRA D-402 POR INFORME PERICIAL	302,50
F/2014/2225	27/11/2014	A65067332	GAS NATURAL SUR SDG SA	fra 01141011296775 consumo Luz depuradora auga de bamiro, periodo 18/08/14-22/10/2014	1.766,59
F/2014/2226	27/11/2014	A65067332	GAS NATURAL SUR SDG SA	FRA 01141010592043 CONSUMO LUZ ESCOLA DE CARANTOÑ PERIODO 05/08/14-08/10/2014	97,70
F/2014/2227	27/11/2014	A65067332	GAS NATURAL SUR SDG SA	FRA Nº CONSUMO LUZ ESCOLA DE CARNES, PERIODO 01/08/14-02/10/2014	79,51
F/2014/2228	27/11/2014	A65067332	GAS NATURAL SUR SDG SA	FRA Nº CONSUMO LUZ LOCAL CULTURAL DO CEÁ PERIODO 19/08/14-22/10/2014	87,92
F/2014/2229	27/11/2014	A65067332	GAS NATURAL SUR SDG SA	FRA Nº CONSUMO LUZ LOCAL CULTURAL DE OGAS, PERIODO DO 19/08/14-22/10/2014	46,08
F/2014/2230	27/11/2014	A65067332	GAS NATURAL SUR SDG SA	FRA Nº CONSUMO LUZ LOCAL CULTURAL DE CASTRELO, PERIODO 19/08/14-22/10/2014	30,77
F/2014/2231	27/11/2014	A65067332	GAS NATURAL SUR SDG SA	FRA 01141010311961 CONSUMO LUZ LOCAL CULTURAL DE VILAR-CEREIXO, PERIODO 01/08/14-03/10/2014	50,49
F/2014/2232	27/11/2014	A65067332	GAS NATURAL SUR SDG SA	FRAS ILUMINAC PUB.PARROQ.BAÑI BAMIRO, BERDOIAS, CAMB,CARNES,CARANTOÑ CER.SERRA.PERIODO 17/09/14-17/10/2014	6.688,92
F/2014/2233	27/11/2014	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG SA	FRA FE14321157554376 DA LUZ BOMBEO AUGA DE CASTRELO, PERIODO 18/07/14-21/08/2014	2.691,44
F/2014/2234	27/11/2014	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG SA	FRA FE14321157220663 LUZ BOMBEO AUGA DA BOUZA, PERIODO 22/08/14-19/09/2014	193,30
F/2014/2235	27/11/2014	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG SA	FRA FE14321157554484 DA LUZ BOMBEO DE BAÑI SA PERIODO 20/08/14-17/09/2014	333,40
F/2014/2236	27/11/2014	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG SA	FRA FE14321159056704 DA LUZ BOMBEO DE BAÑI SA PERIODO 23/08/14-24/10/2014	148,49
F/2014/2237	27/11/2014	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG SA	FRA FE14321157435908 DA LUZ DA DEPURADORA DE BAÑI PERIODO 18/07/14-17/09/2014	1.051,53
F/2014/2238	27/11/2014	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG SA	FRAS 35864-191274-814708, CONSUMO LUZ ILUM.PUB.BAÑI PERIODO 18/07/14-14/10/2014	1.857,67
F/2014/2239	27/11/2014	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG SA	FRA FE14321158467521 LUZ DA POUDEPORTIVA DE BAÑI PERIODO 18/09/14-17/10/2014	291,32

Nº de Entrada	Data Rexistro	Terceiro	Nome	Descrición	Importe Total
F/2014/2240	28/11/2014	76298054Q	VAZQUEZ PEREZ FRANCISCO	FRA 1/2014 IMPORTE DE PETISCOS CON MOTIVO ACTUACION CORAIS NAS CASA DA CULTURA O DIA 16/11/2014	1.568,60
F/2014/2242	28/11/2014	B15898240	AR TEMPO SL	FRA 110306 POLO ARRANXO CALDEIRA CALEFACCION DO CENTRO MEDICO-PAC	92,57
F/2014/2246	01/12/2014	B70278718	GESTION DE RESIDUOS	FRA 21/2014 POLA LIMPEZA DE 28 COLECTORES DA RECOLLIDA DO LIXO EN CURES	246,40
F/2014/2258	01/12/2014	76297818X	CERNADAS RODRIGUEZ ARTURO	FRA 140104 DE MATERIAIS VARIOS PARA ARRANXOS NO CEIP SAN VICENZO DE VIMIANZO	300,50
F/2014/2261	01/12/2014	B27794932	NORGALICIA FORMIGON SL	FRA 331/2014 POR FORMIGON PARA ARRANXO CANLE RIO MUIÑ DA AGRA	70,79
F/2014/2263	01/12/2014	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG SA	FRA FE14321160558624 LUZ DO CEIP DE BAÑI SA PERIODO DO 18/10/14-18/11/2014	497,90
F/2014/2270	01/12/2014	B15978356	GALICOM COMUNICACIONES SL	FRA Nº 341/14 POLO SUBMINISTRO DE MUNICION REMINGTON 9MM PARA A POLICIA LOCAL	279,57
F/2014/2273	02/12/2014	32426271C	VALUÑ ROMERO CELESTINO	FRA 20/2014 POR TRABALLADOR ARRANXO DESAUGADORO DA DEPURADORA EN PASEARELA	447,70
F/2014/2276	02/12/2014	52433205J	ROJO FONDO JOSE	FRA 302-14 POR ARRANXOS EN INSTALACIONS MUNICIPAIS DE DEPURACION	316,62
F/2014/2278	02/12/2014	76339405J	BARRIENTOS ALVAREZ MARIA ESTHER	FRA Nº POLO SERVIZO DE BAILE SOCIAL DURANTE OS DIAS 2,9,16,23 E 30 DE NOVEMBRO DE 2014	2.200,00
F/2014/2279	03/12/2014	32819322R	GANDARA ANTELO JOSE	FRA 201400679 DE MATERIAIS VARIOS PARA OS SERVIZOS ELECTRICOS MUNICIPAIS	194,60
F/2014/2280	03/12/2014	32819322R	GANDARA ANTELO JOSE	FRA 201400680 DE MATERIAL PARA ARRANXOS CANALIZACION VIA PUBLICA NA CARBALLA	44,00
F/2014/2281	03/12/2014	32819322R	GANDARA ANTELO JOSE	FRA 201400678 DE MATERIAIS VARIOS PAR AO SERVIZO DE AUGA	65,00
F/2014/2282	03/12/2014	32819322R	GANDARA ANTELO JOSE	FRA Nº DE MATERIAIS VARIOS PARA OS SERVIZOS DE PROTECCION CIVIL	43,96
F/2014/2283	03/12/2014	76359877S	PEREZ REGO LORENZO SEVERINO	FRA 79 POLO ARRANXO DE MAQUARIA DOS SERVIZOS DE PROTECCION CIVIL	342,80
F/2014/2284	03/12/2014	A1500039I	EDITORIAL COMPOSTELA SA	FRA P408.108 IMPORTE ANUNCIOS PROGRAMACION CULTURAL E ACTIVIDADES CULTURALS NO XORNAL EL CORREO GALLEGO.	580,80
F/2014/2286	03/12/2014	76348187D	CALZAS PEREIRO RAMON	FRA 1411076 DE MATERIAIS VARIOS PARA OS SERVIZOS DE PROTECCION CIVIL	504,58
F/2014/2287	03/12/2014	76348187D	CALZAS PEREIRO RAMON	FRA 1411079 DE MATERIAL PARA OS SERVIZOS DA EDAR	4,80
F/2014/2288	03/12/2014	76348187D	CALZAS PEREIRO RAMON	FRA Nº DE MATERIAL PARA OS SERVIZOS NA CASA DA CULTURA	27,60
F/2014/2289	03/12/2014	76348187D	CALZAS PEREIRO RAMON	FRA Nº DE MATERIAL PARA OS SERVIZOS DA ILUMINACION PUBLICA	375,92
F/2014/2291	03/12/2014	76348187D	CALZAS PEREIRO RAMON	FRA Nº DE MATERIAIS PARA O SERVIZO DE AUGAS	238,02
F/2014/2292	03/12/2014	76348187D	CALZAS PEREIRO RAMON	FRA Nº DE MATERIAL PARA INSTALACI DEPORTIVAS	7,95
F/2014/2293	03/12/2014	B15081847	CONSTRUCCIONES CERNADAS SL	FRA SERIE NOV-14 Nº DE PEDRA PARA ARRANXOS NA RUA TEDIN-VIMIANZO	170,32
F/2014/2294	03/12/2014	76338350Q	AMEUEIRAS GANDARA JOSE	FRA 395-14 POR ARRANXOS NO CAMION DA RECOLLIDA DO LIXO 9163-DPG	493,27
F/2014/2295	03/12/2014	B15603483	APER SEGURIDAD SL	FRA Nº POLA REVISÓ DE EXTINTORES DOS SERVIZOS DE PROTECCION CIVIL	19,97
F/2014/2299	04/12/2014	76321759P	FERNANDEZ BRAULIO	FRA 127 POR FERROS DE TUBO DE 40 E TRABALLO COLOCACIÓ NA PONTE DE ZAMARREDA	1.621,40
F/2014/2301	04/12/2014	76351941Z	ANTELO RAMOS OVIDIO	FRA Nº POLA LIMPEZA DE CUNETAS PISTAS DE SERRAMO E SUBEIRO	1.248,72
Rematadas as intervencións e sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por catro votos a favor do BNG (Sr.alcalde, Sr.Mancebo Amigo, Sra.Ramos Rey e Sr.Trillo Lema), seis votos en contra de IxV (Sra.Rodríguez Ordoñez e Sra.Hermida Tomé), PP (Sr.Amado Sambade e Sra.Quintáns Fidalgo) e concelleiros non adscritos (Sr.Rodríguez Blanco e Sra.Vázquez Miñones), e unha abstención do PsdeG-PSOE (Sr.Miñones Riveiro), non aproba o ditame da comisión.

4. Xustificación da dotación económica aos grupos políticos municipais correspondentes ao exercicio 2014.

O Sr. Alcalde dalle a palabra á secretaria accidental para dar lectura ao ditaminado na Comisión Informativa de Contas, Facenda e Orzamentos, do día 24 de marzo de 2015, que dí o seguinte: "(...) a Comisión Informativa de Contas, Facenda e Orzamentos, por unanimidade dos seus membros presentes, aproba a proposta da Alcaldía(...)". Proposta de acordo:"(...) Primeiro.- Dar conta ao Pleno das xustificacións presentadas correspondentes ao exercicio 2014 polos grupos municipais do BNG, PsdeG-PSOE, PP e IxV no mes de febreiro de 2015.

Segundo.- Instar aos grupos políticos municipais a que presenten as memorias e documentación xustificativa correspondente á parte do mandato 2011-2015 que finaliza este ano, antes de finalizar o mes de maio deste ano 2015, para que poda ser aprobada por esta Corporación."

A continuación intervén o Sr.Miñones Riveiro que indica que se ningún problema como fixeron todos os anos seguen apoiando.

A continuación intervén o Sr. Alcalde que dí que el ten que facer uns matices e dí que no informe de intervención faise referencia a xustificación de dous grupos, IxV e máis PP, e dí que aparecen certas cuestións que serían revisables entre comillas e dílle que lle parece un escándalo o que acaban de facer agora que é negar pagarlle aos provedores e, sen embargo, dille ao Sr. Amado que se mete no seu bolsillo catro mil euros do grupo municipal, esa é a xustificación en dietas e máis en quilometraxe, dille que catro mil euros para el do seu grupo e sinala que os concelleiros cobran por asistir aos Plenos, que lle paga o Concello, e aparte hai unha dotación para grupos que no caso do Sr.Amado, indica que está ahí e sinala que aos medios de comunicación si quere os ensina despois e aos veciños tamén. Segue dicindo que está a sinatura do Sr.Amado por viaxes, formación en urbanismo, formación en non sei qué, que é alucinante. Segue dicindo que se van ao fondo existe un fraude tremendo ao igual que IxV e indica que lle gustaría saber como se utilizan fondos municipais para pagar a calefacción dalgunha casa, gasoleo de calefacción dunha casa particular ou que resulta que se pagan negocios familiares e dí que esa é a imaxe que dan cara o público e dílle que hai que ter moita cara para facer o que acaban de facer e que agora non hai nada que dicir a este respecto.

Rematadas as intervencións e sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos seus membros presentes, aproba o ditame da comisión.

5. Modificado núm.2 do contrato de xestión de servizos públicos municipais de vivenda comunitaria, escola infantil, centro de día, comedor e lavandería sobre rodas.

O Sr. Alcalde dalle a palabra á secretaria accidental para dar lectura ao ditaminado na Comisión Informativa de Benestar Social e promoción da Igualdade, do día 24 de marzo de 2015, que dí o seguinte:

"(...) a Comisión Informativa de Benestar social e Promoción da Igualdade, por dous votos a favor do BNG, unha abstención do PSOE e ningún voto en contra, ditaminou favorablemente a proposta de acordo (...)". Proposta de acordo:"(...)Primeiro.- Aprobar a proposta de modificación contractual núm. 2 do contrato de xestión dos servizos públicos municipais de vivenda comunitaria, centro de día, escola infantil, comedor e lavandería sobre rodas, consistente na supresión do centro de día, por motivos de interese público, posto que actualmente conta cun único usuario e o concello ven de asinar un convenio de colaboración con Geriatros para para a posta a disposición do mesmo de dez (10) prazas de atención diurna na residencia xerontolóxica de Vimianzo.

Segundo.- Darlle audiencia ao contratista, por un prazo de cinco días hábiles, a efectos de que alegue o que estime pertinente en defensa dos seus dereitos.

Para o caso de que non se presenten alegacións, ou o contratista preste a conformidade á proposta de modificación, o presente acordo quedará elevado a definitivo sen máis trámites.

Terceiro.- Notificar o presente acordo ao contratista, con indicación de que se trata dun acto de mero trámite..."

En primeiro lugar o Sr. Alcalde pon de manifesto que existe conformidade do contratista polo que indica que o acordo xa se elevaría a definitivo.

Segue explicando que isto é un asunto xa debatido noutros plenos como un asunto que xa demandaban e polo tanto sinala que os argumentos están máis que expostos en anteriores debates.

A continuación intervén o Sr.Miñones Riveiro que sinala que o tema xa está debatido, que cre que a empresa busca un equilibrio económico.

O Sr.alcalde respondelle que non, que a empresa manifesta a súa conformidade coa citada proposta sempre que eso non supoña a renuncia duns dereitos que é o restablecemento do equilibrio económico do contrato administrativo obxecto deste trámite.

O Sr.Miñones Riveiro responde que están totalmente a favor xa que levan tanto tempo discutindo isto e que as instalacións do centro de día se podían utilizar nunha gardería municipal.

Deseguido intervén a Sra.Rodríguez Ordoñez, que dí que se hai conformidade da empresa e que fai un matiz que descoñece que pasou con esa xente que estaba contratada na empresa e se se pode facer algún trámite ou se realmente na empresa se foi liquidando e non se sabe máis. Segue dicindo que despois sobre as seis prazas do centro de día sinala que lles queda algunha dúbida do contrato anterior porque lle gustaría recordar que no pleno anterior se falara da



Concello de Vimianzo

diferenza dos servizos que había antes co centro de día e agora no centro que están pero que dentro do que é o contrato nada teñen que dicir xa que a empresa está conforme.

A continuación intervén o Sr. Amado Sambade, sinala que están de acordo.

Deseguido intervén o Sr. Rodríguez Blanco, que sinala que tamén quere recalcar o tema que sinalou a compañeira de IxV, se respecto do persoal que estaba traballando, o Sr. alcalde lle pode responder ou sabe se ao final os despediron ou se Geriatros os colliu para traballar. Continúa dicindo que o que quere saber e que se teñen un servizo público municipal e teñen traballando xente, que esa xente non a despidan e que o Concello tiña que defender ou pelear un pouco e pregunta se seguen traballando no complexo ese ou foron para arriba ou foron para a casa. Por último dí que antes de darlle o voto gustaríalle saber un pouco como está o tema co persoal.

A continuación intervén o Sr. Mancebo Amigo que dí que neste punto unha vez máis demostrase a capacidade deste goberno. Explica que se iniciaron unhas negociacións coa empresa Xeriatos, sinala que era certo que existía un Centro de Día pero que era un Centro de día fantasma que non tiña practicamente usuarios entre outras cousas polo elevado coste xa que indica que están falando dunhas prazas que superaban os setecentos ou oitocentos euros dependendo do servizo, que en algún momento tivo un usuario e que nalgún momento puntual puído ter dous ou tres uns meses pero que realmente era un servizo que non aportaba, dende logo, ningún tipo de rentabilidade social. Prosegue dicindo que o novo convenio con Xeriatros aparte de abaratar en máis dun 50 % o coste da praza permite dispoñer dun espazo maior do edificio da vivenda tutelada con miras a unha posible ampliación da gardería ou doutros servizos. Continua dicindo que neste punto quere recalcar que é unha xestión deste goberno, que permitiu manter un servizo sociais non comparables na comarca, na provincia, que non existe un concello na comarca que nos tempos que corren, totalmente de recortes de diminución, de transferencias tanto da Xunta como da Deputación, do estado central, manteñan unha vivenda tutelada con doce persoas, sinala que non existe, a día de hoxe, un caso en toda a provincia, non existe un concello en esta comarca onde, dende logo, teña unha gardería con fondos municipais cen por cen como está mantendo o Concello de Vimianzo, incluso cuns prezos para os usuarios máis baixos que os que aporta de media a Xunta. Segue dicindo que cuns servizos que non existen precedentes, cun comedor; uns servizos dos que disfrutaban moitos veciños e veciñas de Vimianzo e que nese sentido a honradez e transparencia deste goberno fixo que entre outros o teniente de alcalde teña que levar a súa filla ao Concello limítrofe por falta de prazas e que noutros tempos iso non pasaría e dí que quere por un exemplo: que él e mais a muller teñen que levarlle un taper todos os días á nena para darlle de comer, a unha gardería da Xunta e indica que na gardería do Concello de Vimianzo iso non pasa, indica que na gardería de Vimianzo, os nenos teñen comedor, os nenos teñen transporte e teñen un nivel de servizo incomparable e dí que iso é o que fai este goberno e que poden falar da lavandería sobre rodas, do comedor sobre rodas e incluso de axuda no fogar, que atenden todo ano sesenta, setenta e incluso oitenta persoas cunha asistencia especializada polas empregadas, un servizo municipal. Continúa dicindo que non sabe esta oposición cal é o modelo de goberno que quere implantar, non sabe se é o neoliberal do Sr. Aznar ou da Sra. Merkel ou a privatización dos servizos porque dí que veñen aquí e critican todo pero que nunca lles escoltou facer unha proposta e que noutros concellos para onde van a deriva das súas candidaturas vinculados ao PP, estes servizos normalmente privatízanse todos e indica que o dí porque lle choca que estén preocupados polos traballadores, que é unha pequena contradicción e non sabe se é que agora lles entra unha pequena vena sindicalista e que despois as propostas que fan son contrarias a esa exposición. En definitiva, sinala, que cre que este é un bo acordo e que é bo que a empresa se aña a recoñecer que o servizo non tiña sentido como se estaba prestando porque evidentemente o contrato estaba en vigor pero non tiña usuarios e o sentido común indicaba que así debería facerse.

Pide a palabra a Sra. Quintáns Fidalgo que sinala que non está a favor, que indica que o que dixo o Sr. Mancebo agora lle parece que non é real porque coñece a moitos nenos e nenas que van a gardería da Xunta e que comen alí e que tamén os escoita dicir sempre o PP, o PP e non sabe se o seu compañeiro pero que ela pensa que grazas ao PP se están facendo moitos traballos nos concellos, e que tanto da Deputación, como da Xunta (intervén o público) Prosegue dicindo que non quere estar en contra de nadie.

O Sr. alcalde respóndelle que o que dixo o seu compañeiro, que puxo un caso concreto, que é a escola infantil que se chama Galiña Azul que é da Xunta, que está en Zas.
A Sra. Quintáns Fidalgo, respóndelle que por iso, que a súa neta está na Galiña Azul e come.
O Sr. Mancebo respóndelle que a súa tamén come, que non se preocupe.
A Sra. Quintáns Fidalgo, respóndelle que come na gardería.
O Sr. Mancebo respóndelle que se refire a que nesta comarca non existe unha gardería que teña comedor.

A Sra. Rodríguez Ordoñez dille que existía, que non a crearon eles.

O Sr. Rodríguez Blanco pide a palabra e iniciase outro turno de intervencións.

O Sr. alcalde dalle a palabra aos grupos, intervindo o Sr. Rodríguez Blanco que indica que este punto tiña que defender o seu compañeiro o Sr. Miñones Riveiro pero dille ao Sr. Mancebo que se sabe quen creou todo isto, centro de día, vivenda comunitaria, gardería, comedor sobre rodas, que foi o goberno do partido socialista, onde estaba este Sr. (refírese ao Sr. Miñones Riveiro), onde estaba él e onde estaba outra xente e segue dicindo que o aguantaron e que eles xa non foron capaces de aguantar isto porque pechan o centro de día e dilles que se chegaran a algún convenio coa Xunta como o Concello de Cabana ou o Concello de Muros as prazas poderían ser públicas pero dilles que non chegan a acordo con ninguén e dí que entenden que teñen que pechar o Centro de Día porque non é rentable pero que si tiveran algunha reunión coa Xunta e apretaran ben as cufias, contarán coa oposición e fixeran manifestacións como fan para outras cousas que lle interesa para gañar aos veciños de Braño, co monte, con moitas cousas; dí que se fixeran iso ían contar co apoio de todo o mundo para presionar a Xunta para que estas prazas foran públicas e non pechar un servizo público como é, e isto débello o pobo de Vimianzo ao partido socialista e dille ao Sr. Mancebo que el aínda que non está no PSOE sintese moi orgulloso de ser de esquerdas e que o vai ser toda a vida e isto dí que foi grazas a Alejandro ao goberno que estivo antes, que creou todos estes servizos que eles están agora aguantando e alédase moito e ogallá que o goberno que siga estea aguantando estes servizos, porque son vitales, porque saben como está a xente maior e dille que non veña dicindo que tal, cando o primeiro orzamento que fixo reduciu en servizos Sociais, en persoal, que foi cando tivo problemas con eles. Continua dicindo que non veña dicindo o que todo o mundo sabe que é mentira e dí que se aleda que siga aguantando os servizos pero que ten que recoñecer que isto creouno o anterior goberno e que están aguantando, que é o máis normal e que se reducen en servizos sociais, reducen no máis importante que ten este Concello. Prosegue dicindo que non quere que siga presumindo do que realmente non fixo e que o que están facendo é privatizando un servizo, dez prazas para arriba e se hai máis de dez prazas arriba, en Geriatros, sinala que hai que pagalas, oitocentos euros ou dí que non sabe moi ben o que hai que pagar e dí que isto era noso, dos veciños, pero había que traballar, había que moverse e ir a Xunta, manifestarse, que ía contar co apoio dos veciños para que a Xunta, para que estas prazas foran públicas e dí que isto é o que había que facer.

O Sr. Mancebo Amigo responde que crear edificio créase, que non hai ningún problema, pero que o importante e o custoso é mantelo, que hai unha lei de dependencia, dille ao Sr. Rodríguez Blanco, que el que está pactando todos os días co PP, que incumpren incluso unha lei, e se van a iso dí que existe unha lei que indica que eses servizos non son de competencia municipal e dí que o discutiron moitas veces que quen ten as competencias de servizos sociais e a Xunta, que ten que facerse cargo do comedor, do centro de día e da gardería municipal e que o concello está



Concello de Vimianzo

esperando; segue dicindo que o Sr. Feijó ten que facerse cargo e que supón un coste duns cincuenta mil euros ao ano e non se fixo cargo diso e que a pesar diso este Concello aguanta e que o que cree que que hai unha intención clara do partido popular de asfixiar este concello e ese fanatismo que teñen como o Sr. Presidente da Deputación que en catro anos non se dignou en pasar por este Concello, pasar sí que vai moito para Cee e Fisterra pero que igual vai por Santa Comba por non pisar Vimianzo. Segue dicindo que isto non é un patio do colexio e que pode vir calquera a facer un comentario evidentemente pero non queixas de ji, ji e di que evidentemente non existe gardería na comarca con comedor e di que eles tamén podían contratar unha empresa cun catering que o sirva pero iso non é un servizo público e di que non aspira a ese tipo de servizo público e sinala que as gardería da comarca non teñen comedor e punto e se as de Santiago son de máis nivel e a Xunta lles paga comedor pero dende logo nesta comarca non lle paga comedor a ningún neno e incluso lle cobra comedor dos colexios e di que é unha vergoña que dende o partido popular se lle cobre comedor aos nenos e nenas neste e noutros concellos e coincide en que van defender os servizos sociais e o que intenta dicir e que non se pode dicir que se fixo mala xestión cando se consegue, cando nos anos de bonanza se contruíron os centros, o resto non fixeron isto, o resto desmantelaron todos os servizos sociais, desmantelouse todo o que contruíu o bipartito de Servizos sociais, desmantelouse todo o circuíto de axuda no fogar, o dos centros de día é unha pantomima crean centros de días en todos os sitios e despois non os abren, como pasa co de Corcubión, como pasa co de Carnota, como pasa absolutamente con todo e cre que nese sentido a aposta por facer eses servizos e o esforzo económico é evidente que non vou permitir que o partido popular fixo un mínimo de esforzo por invertir neste Concello durante estes catro anos porque nin siquiera o xesto que lle dignaría de asistir en algunha ocasión, porque non son nin cinco nin dez son máis de vinte invitacións persoais e en persoa ao Sr. Presidente da Deputación e iso só o fai unha persoa despota, prepotente e cunha actitude totalmente despectiva.

O Sr. Amado pide que conste en acta.

O Sr. Mancebo prosigue dicíndolle ao Sr. Amado que sí e que el sabe bastante ben o que dí e que seu pai traballou e esforzouse moito para que tivese unha educación que o Sr. Amado non ten.

Consta escrito con RE núm. 2271/2015, de data 23/03/2015 presetando polo representante da empresa Grupo Reacteda, S.L prestando conformidade co modificado núm. 2 do contrato de xestión de servizos públicos municipais de vivenda comunitaria, escola infantil, centro de día, comedor e lavandería sobre rodas.

Rematadas as intervencións e sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos seus membros presentes, aproba o ditame da comisión.

6. Aprobación inicial da Modificación Puntual núm.4 das Normas Subsidiarias de Planeamento de Vimianzo: "Usos en solo de núcleo rural".

O Sr. Alcalde dalle a palabra á secretaria accidental para dar lectura ao ditaminado na Comisión Informativa de Obras, Urbanismo, Medio Ambiente e Sostenibilidade, do día 24 de marzo de 2015, que dí o seguinte:

"(...) a Comisión Informativa de Urbanismo e Obras, por dous votos a favor do BNG, dúas abstencións do PSOE e concelleiro non adscrito e ningún voto en contra, ditaminou favorablemente a proposta de acordo(...). Proposta de acordo:" (...) Primeiro.- Aprobación inicialmente a Modificación Puntual núm. 4 das Normas Subsidiarias: "Usos en solo de núcleo rural", co alcance e contido do proxecto que se xunta a esta proposta.

Segundo.- Abrir un período de información pública durante un prazo de dous meses, mediante a inserción de anuncio no Taboleiro de edictos do Concello, no Diario Oficial de Galicia e en dous

dos xornais de maior difusión na provincia. Durante este período quedará o expediente a disposición de calquera que queira examinalo para que se presenten as alegacións que se estimen pertinentes.

Terceiro.- Simultaneamente e durante o mesmo prazo da información pública, daráselles audiencia ós municipios limítrofes; e solicitaráse ás administracións públicas competentes os informes sectoriais que resulten necesarios. (...)"

En primeiro lugar o Sr. Alcalde explica que este é un asunto no que levan traballando moito tempo que se tardou en traer ao Pleno por negociacións que se fixeron coa Xunta de cara a traer unha proposta en común porque ten que ser a propia Xunta a que se dea o visto bo. Segue explicando que as normas subsidiarias de planeamento do Concello de Vimianzo no solo de núcleo rural conteñen unhas restriccións moito máis fortes que a propia lei do solo e o que querían era liberalizar esas restriccións o máximo posible para facilitar o que é o desenvolvemento económico nos núcleos rurais e o asentamento poboacional mediante a redefinición de novos parámetros, mediante a recuantificación de novos parámetros como é a superficie mínima das parcelas para edificar, que se reducirían respecto a actual, co que a ocupación da parcela que se aumentaría respecto da actual e a posibilidade de construír edificacións pegadas, acaroadas que a día de hoxe non se pode facer o cal imposibilita ou crea determinadas dificultades tanto para a construción como para a rehabilitación ou incluso para a segregación de fincas e tamén definir o caso excepcional, a excepción da parcela mínima para completar a malla do solo consolidado. Por último sinala que estas son as propostas que propoñen modificar.

A continuación intervéu o Sr. Miñones Riveiro, que dí que despois da explicación que lles deu o outro día o Sr. Arquitecto toda a modificación que se fai no planeamento e no rural e segundo lles explicou incluso de acordo cos lindantes se pode edificar de carón dos lindantes. Segue dicindo que lle gustaría que a edificabilidade fose maior, que é dun 35 % pero que se pedira un 40%, se mal non entendeu o outro día, pero se é o trinta e cinco sinala que tampouco está mal.

Segue dicindo que lle van a aprobar isto pero que dí que lle veñen reclamando un plan xeral, un plan xeral que poida recoller as naveas ou incluso as vivendas que estén fora de ordenación, que saben que as hai e que espera que nun futuro se non está o Sr. alcalde, se están outros membros da Corporación se teña en conta esa opinión do partido socialista.

Deseguido intervéu a Sra. Rodríguez Ordoñez que solicita á Sra. secretaria que este punto quede sobre a mesa e vai expoñer porque.

Segue dicindo que poden ver aquí un papelorio moi bonito, que o Sr. Alcalde acaba de manifestar que leva moito tempo traballando nel e que seguramente levan moito tempo traballando en facer algo a medida, que non o duda que o ten claro, de beneficiar ou perxudicar nos núcleos das nosas parroquias como eles vexan. Prosegue manifestando que a primeira vez que lIxV ten este documento nas súas máns é o martes pasado, cree que Vimianzo necesita unhas modificacións, cree que pode ser importantísima esta modificación para levar a cabo estes beneficios que o Sr. Alcalde acaba de mencionar pero en algo que non se pode ver con detalle, que non se pode ver punto por punto, co cal poden beneficiar familias pero poden perxudicar moitas familias cre que non é un focho que llo poida traer aquí, que llo encargou ao seu amigo Beiras, o cal dí que se presta a facer moitas cousas a medida últimamente polo concello, e que por eso ven aquí e dí que non sabe como cobrar, que non sabe como lle vai a pagar o Sr. Alcalde e dí que despois se encontrará con cousas destas das que criticou hai catros anos, pero non pasa nada.

Continua dicindo que o que non están dispostos e a que lles traia algo tan importante como isto, porque manifesta que ela é nova en política aínda que algún a queira mezclar no pasado e falar por outros, e sinala que se é feliz porque parece que se desafoga, que queda máis colorado pero que é a primeira lexislatura que está na política pero lembrese, non moito, pero lémbraas que cando o goberno anterior intentou facer un plan xeral e que se acorda das actitudes do seu grupo



Concello de Vimianzo

(do Sr. Alcalde) e sinala que entón non queren traer aquí aos veciños coas canceloras a praza do concello como fixeron eles pero que queren facer as cousas ben e sinala que Vimianzo merece unhas modificacións, que se teñen as do ano noventa e catro, di que é necesario facelo pero pídelles que non os fagan asinar isto sen revisar casco por casco, cas necesidades que ten Vimianzo, nese caso, a un mes das eleccións para que o Sr. Alcalde venda a conta de todos as marabillas que fai, as marabillas que pode vender, que leva moitísimo tempo estudando nelas pero, a medida, como outras moitas pero eles non. Segue dicindo que vexan cos veciños das parroquias cada núcleo, deixeno sobre a mesa, e repite que o vexan con detalle, que se poida beneficiar a maioría dos seus veciños de cada parroquia, tanto en metros como en tema de edificación, como lindeiros, co que sea, todo o que sea sexa benvido, e que dende logo dende lXV manifesta que será benvido pero non desta maneira, o que o Sr. Alcalde fixo co Sr. Beiras a medida o veña aquí a vender agora e menos en plena campaña así directamente do seu forno como llo quere dar, polo que dende lXV propón que se deixe enriba da mesa, que se revise puntualmente cada casco, que non é vir aquí a unha comisión cinco minutos e que o Sr. Beiras veña aquí a dicir o que o Sr. Alcalde lle dixo que dixerá, que non están de acordo con iso. Continúa dicindo que di que teñen moitos alpendres, moito que legalizar pero di que non pode vir vender en cinco minutos algo tan importante, tan fundamental para o concello de Vimianzo e que polo tanto di que o fagan ben e que sexan consecuentes co que fan e polo tanto propón, por favor, que se deixe enriba da mesa.

A continuación intervén o Sr. Amado Sambade, que sinala que está totalmente de acordo de que quede sobre a mesa, sinala que hai que estudalo, que hai que revisalo e que está de acordo que hai moitas cousas que legalizar, que hai moitas que legalizar no ordenamento como moitas naves, moitas casas que sabe o Sr. Alcalde e non simplemente con isto legalizarlle o de catro persoas e o resto non e di que isto é unha cousa que hai que estudar.

Deseguido intervén o Sr. Rodríguez Blanco, que manifesta que lle gustaría saber porque o Sr. Alcalde ten tanto apuro en aprobar isto co pouquiño tempo que lle dou a todos para velo e di que o vai explicar para que a xente poida saber o que pasou. A continuación explica que houbo unha comisión informativa onde veu o Sr. Arquitecto que redatou o proxecto este e lles explicou en tres minutos un cambio de normas subsidiarias que se van cambiar en Vimianzo, en catro minutos. Segue dicindo que seguramente esta persona esta cualificada sabe o que está facendo pero dille ao Sr. Alcalde que se el mañá, aproba isto, chega a Baiñas ou a Serramo ou a Treos e lle pregunta un veciño ¿Así que agora podemos facer un cabanote en calquera lado, non?, di que el lle tería que responder que a verdade non o sabe e segue dicindo que lle preguntarian que foi o que aprobaron logo. Segue dicindo que por iso cree que non hai tanto apuro e incluso di que lle comentou ao Sr. Beiras se neste Plan algunha obra que esta fora de ordenación, que sabemos que hai varias obras con problemas de denuncias e que están fora, se incluso neste cambio das normas se iban coller esas vivendas, galpóns e naves que están fora de ordenación e di que lle respondeu que non porque da moito traballo.


Segue dicindo que el cre que é vital e que se teñen a ocasión de redatar algo e se poden incluír esas vivendas, esas naves, caso Bamiro, Lagoa, Vilaseco ou outras máis por ahí, cre que importante, e se da traballo para iso están os técnicos, que para iso cobran; que non vai redatar estas normas gratuitas. Continua dicindo que lle parece boa idea mellor que votar en contra deixalo sobre a mesa, que se reunan que é importantísimo que a xente de cada parroquia sepa con tempo en forma o que se vai facer, o que van poder facer uns, o que van poder facer outros, o que poden facer ben e mal e que cre que isto é moi rápido e que o Sr. Alcalde ten que entender a proposta dun plan deste nivel nunha comisión o martes e xa darlle o visto bo hoxe, cree que había que marmalo un pouco máis, estudalo, que o expliquen, ir sobre o sitio. Continua dicindo que no plano que lles trouxo veñen os núcleos todos pero cree que había que ir ao terreo, ter unha reunión, e eses técnicos ter unha reunión cos veciños para dicirlle por exemplo no Orbellido se un veciño pode ampliar isto, así a xente despois do run run diría pois está ben. Prosegue

dicindo que neste caso o que ten que opinar é o pobo, o que ten saber o que vai pasar cos seus terreos, coas súas cuadras, segue dicindo que o Sr. Beiras comentou pallozas e que aquí non hai pallozas, que tampouco entendeu moi ben.

O Sr. Alcalde explicalle que se refire a paleiras.

O Sr. Rodríguez Blanco respóndelle que as paleiras son as de Lugo, sinala que aquí non hai paleiras e dille ao Sr. Alcalde que como non sae da alcaldía non se entera e séguelle dicindo que aquí non hai paleiras, que aquí son cabanotes e que é o que hai que aclarar a xente, todos estes temas, e que hai que aclararlle estes temas aos veciños que son os que van ter os problemas porque eles poden votar aquí a favor e dentro de dous meses hai outra corporación e se as cousas van a mal di que a culpa a van ter eles. Continua dicindo que cre que non hai tanto apuro, que leva catro anos, que non fixo absolutamente nada do plan xeral e que na última lexislatura do goberno socialista nunha Xunta de Goberno aprobouse iniciar os trámites dos cambios das normas subsidiarias nos núcleos rurais, que agora para a Sra. secretaria é complicado encontraio pero sinala que si que está, indica que en dúas Xuntas de Goberno e que o Sr. Alcalde non fixo absolutamente nada e que cree que é importantísimo e que saben que hai vivendas unifamiliares que están en perigo, que saben que hai casas, que hai galpóns e que cren que eso é o primeiro que hai que facer, recoller todo iso, e se leva un pouco máis de tempo outros concellos como o de Dumbria vai polo terceiro intento de aprobar o plan xeral e di que teñen que copiar un pouco dos que fan as cousas ou as intentan facer ben e non facer isto. Segue dicindo que non lle di que estea mal pero que non tiveron tempo e unha que eles, os que están aquí non saben moito disto pero polo menos asesorarse con outra xente que saiba máis ca eles e por ese motivo sinala que se deixe sobre a mesa e que cando o Sr. Alcalde queira teñen unhas reunións, van sobre as parroquias e se non pode ser nesta lexislatura, sinala que non falta tanto para a próxima.

A continuación intervén o Sr. Mancebo Amigo que di que cree que o Sr. Rodríguez Blanco o resumiu ao final, que se non pode ser nesta xa será para a próxima, e que iso é o importante de toda a súa intervención e que a cuestión é non deixar facer nada. Segue dicindo que quere pensar, sinceramente, que están equivocados, que non son tan malos como están mostrando hoxe en día e di que non se está facendo ningún plan xeral, porque os plan xerais son de case dous ou tres anos, de estudar cada núcleo, de ter en conta toda a cuestión patrimonial, de ter en conta todo o tema viario e sinala que o aquí o que se está facendo é o que se tiña que ter feito fai dez anos ou máis, ou oito ou dez anos, que di que é adaptar as nosas normas ao que nos permite a lei, unha lei, dille ao Sr. Amado, publicada pola Xunta de Galicia e que o que están facendo é adaptarse á lei e di que alucina, que está votando en contra das leis do seu propio partido. Segue dicindo que a lei do solo di que non se vai modificar ningún plano de ningunha aldea, que non se vai beneficiar a ninguén, que son unhas modificacións xenéricas para todos e cada un dos oito mil habitantes do Concello, que non se cambia a liña, dille a Sra. Rodríguez Ordoñez, para meter a casa do amigo do outro, e que os planos seguen sendo os mesmos xa que di que para cambiar eses planos hai que facer un plan xeral como din e di que o que se fai é adaptar as normas ao que permite a lei que basicamente son tres ou catro cambios: as zonas coñecidas como núcleo tradicional, zonas NUN di que as nosas normas piden como mínimo seiscentos metros cadrados e que esta modificación, en todos os núcleos e en todos os casos pasase de seiscentos a cincocentos e incluso a trescentos metros cadrados na zona consolidada de núcleo, di que en todos, que non era para un que é para todos. Continua dicindo que antes había un problema que igual antes se tiñan seiscentos ou mil metros cadrados e se quería facer unha pequena paleira, cabanote, cabanel, que se lle pode chamar como queira, e só se podía ocupar o vinte por cen e indica que a lei di que se pode ocupar o corenta e por iso din de cambiar do vinte ao corenta para todos, para todos os núcleos, para todos os veciños. Continua explicando que o que non poden cambiar, porque non o permite a lei, é a porcentaxe de edificación que é o vinte e cinco que segue sendo o vinte e cinco pero o paso de seiscentos a cincocentos e incluso a trescentos iso é en todo o concello, en todo o territorio. Prosegue dicindo que nas zonas de, digamos, núcleo expansivo, de Tines e Serramo, que se pedían antes mil



Concello de Vimianzo

metros agora pararía a cincocentos metros, de mil a cincocentos, en todo o territorio, en todo o concello, para todos os veciños e di que non se pode falar de favoritismos en absoluto. Continua dicindo que estas zonas NT donde un paisano tiña a casa e quería facer o garaxe atopábanse con que non lle podían dar licenza porque como máximo podía construír o doce por cento do cal se se tiñan cincocentos metros ou catrocenos non podía facer un garaxe de vinte ou vinte e cinco e explica que aquí a ocupación pasaría ao corenta por cento da parcela e insiste que é para todos os veciños e para todo o territorio e que non hai nada de electoralista e explica que se retrasou como dixo o Sr. alcalde porque se leva máis dun ano e pico case dous cos técnicos de urbanismo da Xunta consensuando precisamente estas modificacións para que despois non viñera o noni da Xunta e di que claro que se intentou ser un pouco máis ambicioso nalgunhas cousas e se introducen pequenas matizacións tamén para todos os casos de dereito de arrime sempre que o veciño esté conforme e incluso algunha excepción entre...cando dentro dos nucleos rural e un absurdo que a lei di que tes que ter unha circunferencia de vinte metros e que se tes que ter a casa do veciño ao lado do outro o que queda no medio e quere arrimar se permite esa excepción. E volve insistir que é en todos os casos, en todos os núcleos, e que aparecen uns núcleos pero que son simplemente a título de exemplo non é que se trate de traballar nesos núcleos e nos outros non e insiste en que é adaptar as normas subsidiarias ao que permite a lei do solo actual e non é nada máis, e para todo o territorio e para todos os veciños e sinala que non hai desculpa de estar en contra disto.

A continuación intervéñen o Sr. Alcalde que quere expoñer dúas cuestións, en primeiro lugar di que non é restrinxir dereitos e que ninguén sae perxudicado e que en todo caso saen beneficiados e que ninguén sae perxudicado porque o de agora non se vai modificar a menos senón que se vai modificar a máis e di que unha parcela onde antes non se podía edificar agora pódese edificar e unha parcela onde antes podíase edificar síguese podendo edificarse e que polo tanto non se perxudica a ninguén, absolutamente a ninguén e se benefician xenericamente pero como dilles que como eles queiran.

Segue dicindo que foi debatido no pleno anterior, que foi planteado polo voso grupo polo que non poden dicir que descoñecían estes asuntos e di que se leva falando moito tempo deste tema e di que hai quen ten preocupación por contribuír a mellorar o nivel de vida dos seus veciños, a representalos ben e hai quen está obsesionado como fastidíamos a un goberno como o votamos abaixo.

Seguelle dicindo ao Sr. Rodríguez Blanco que fixo referencia ao Concello de Dumbria que ten aparelador ao fronte como alcalde e está agora facendo un plan xeral e dille que se sabe que o arquitecto que redatou esta modificación puntual é o mesmo que redatou o plan xeral de Dumbria, e que por eso o comentou, e que polo tanto isto tamén vai para as súas recomendacións e non só está traballando en Dumbria senón tamén está traballando en Malpica na delimitación dos nucleos rurais polo tanto unha persoa con coñecemento, con traxectoria, con experiencia. Continua dicindo que ao respecto do Plan xeral que intentou o anterior goberno di que se lembra perfectamente como foi e que o único que pediron foi o que teñen eles, unha copia, para votar e que lles obrigaban a votar sen unha copia e que lle dixeron que non ían a votar a favor se non tiñan unha copia e segue dicindo que moi malo tiña que ser ese plan xeral cando o propio equipo de goberno, que tiña maioría na corporación, sacando tres do BNG que non ían a apoiar pero non sabían se ían votar en contra ou absterse, retirou o plan xeral. Segue dicindo que a el xa lle gustaría que a próxima corporación que teña maioría da corporación, ten que acometer estes cambios que son necesarios porque están atrancando o desenvolvemento porque di que isto non xurde como un capricho senón que xurde froito de problemas concretos xa que explica que onde hai casas acaroadas e se queren segregas e non se lle pode dar unha licenza de segregación, non se poden segregas porque non se permite o acaroamento, o arrimo de edificios e que agora se permitiría.

Segue dicindo que xurde cando se quere aumentar un cabanote, unha palleira para a palla ou para a herba seca e non se lle pode dar licenza precisamente por motivos de ocupación da

parcela e sinala que para resolver estes problemas se fixo esta modificación e é unha modificación en positivo. Prosegue dicindo que estaría de acordo se froito disto saira unha única persoa perxudicada habería que falar, que pensar e ver en que se perxudicaría pero sinala que absolutamente ninguén sae perxudicado porque é aumentar non diminuír e ademais a referencia é a lei do solo de Galicia. Segue explicando que esta lei sinala que que en caso de que en contradición a lei e o planemento hai que aplicar sempre o criterio máis restrictivo e explica que queren modificar isto achegándose á lei do solo de Galicia porque o noso é moi restrictivo e segue dicindo que levan catro anos e en dous anos viron este problema e os que levaron toda a vida aquí, que foron os que promoveron as normas, non sabe como non viron o mesmo problema ca eles pero di que se cadra antes se practicaba outro tipo de urbanismo e ahí están tamén eses problemas aos que fan referencia. Prosegue dicindo que el tampouco cre, ou non quere pensar que en Vimianzo tamen existe gran cantidade de casas ilegais ou con orde de derribo ou edificacións pero tampouco cre que o obxectivo de modificar unhas normas ou o obxectivo de modificar ou ir ao plan xeral ten que ser para salvarlle a casa de fulaniño que cando a fixo foi tamén con aquela política de ti vai facendo e di que cre que hai que facer unhas normas para resolver os problemas de todo o mundo e despois se se poden solucionar problemas concretos di que o mirarán pero que sempre é o residual nunca o principal. Segue dicindo que en Vimianzo non se pode instalar unha área comercial porque as normas o impiden, por poñer un exemplo ou di que hai moitos negocios que están fora de ordenación porque se establece un fondo moi limitativo e sinala que todo isto evidentemente hai que cambialo e que o iniciaron hai un ano e é unha parte e que a segunda é o que están comentando e dilles que mais que defender os intereses dos veciños porque dilles que se falaran cos veciños entenderían porque ven esta proposta, dilles que defenden outro tipo de intereses, unha proposta electoralista cando trata de sacar rédito diante dunhas eleccións pero indica que as eleccións non se fan o vespera nin as campañas, di que as eleccións fanse pero as campañas non se fan a vespera senón que é unha traxectoria e unha maneira de traballar, dilles que eles estiveron traballando máis tempo e en moitas máis cousas e sinala que outros non teñen nada que dicir nin ofertar, que terán que dicir que queren salvar a casa do meu amigo, a nave da miña familia, non sei que e que iso poderán dicilo pero sinala que a xente non entende que iso sexa unha forma de representalos.

Rematadas as intervencións e sométese a votación que o asunto quede enriba da mesa e o Pleno da Corporación, por seis votos a favor IxV (Sra. Rodríguez Ordoñez e Sra. Hermida Tomé), PP (Sr. Amado Sambade e Sra. Quintáns Fidalgo) e concelleiros non adscritos (Sr. Rodríguez Blanco e Sra. Vázquez Miñones) e cinco votos en contra do BNG (Sr. alcalde, Sr. Mancebo Amigo, Sra. Ramos Rey e Sr. Trillo Lema) e do PSdeG-PSOE (Sr. Miñones Riveiro), e ningunha abstención, ACORDAN deixar o asunto enriba da mesa.

7. Inicio do expediente de esixencia de responsabilidade á empresa Manuel Rodríguez Lema, S.L., polas deficiencias da Casa de Cultura de Vimianzo.

Antes de iniciar este punto sae da sala de sesións a concelleira de IxV, D^a. Mónica Rodríguez Ordoñez, ao ter interese directo no asunto.

O Sr. alcalde dalle a palabra á secretaria accidental para dar lectura ao ditaminado na Comisión Informativa de Obras, Urbanismo, Medio Ambiente e Sostenibilidade, do día 24 de marzo de 2015, que di o seguinte:

"(...) a Comisión Informativa de Urbanismo e Obras, por dous votos a favor do BNG, dúas abstencións do PSOE e concelleiro non adscrito e ningún voto en contra, ditaminou favorablemente a proposta de acordo(...). Proposta de acordo: "(...) Primeiro.- Tomar coñecemento do "informe de danos por humidades na Casa de Cultura de Vimianzo", emitido polo



Concello de Vimianzo

arquitecto D. Emilio Argiz Vázquez con RE 1385 do 23/02/2015, no que se conclúe que as deficiencias detectadas son resultado de mala execución das obras por parte do contratista.

Segundo.- Iniciar o expediente de esixencia de responsabilidade por vicios/defectos na edificación á empresa Manuel Rodríguez Lema, S.L., dándolle audiencia ao contratista para que alegue o que esteime pertinente, outorgándolle un prazo de quince hábiles.

Terceiro.- Encargar ao arquitecto D. Emilio Argiz Vázquez a realización dos ensaios ou catas que sexan necesarios a fin de determinar o alcance das patoloxías e a solución constructiva máis axeitada.(...)"

En primeiro lugar intervén o Sr. Alcalde que sinala que a casa de cultura xa bastantes quebradeiros de cabeza dou; explica que ten unha serie de deficiencias moi visibles, que primeiro foi o despegue de planchas de pedra, a abolladura da fachada metálica de aluminio e as grandes humidades en absolutamente en todas as plantas en moitísimos sitios. Segue dicindo que con respecto ao primeiro explica que se lle pediu informe á dirección de obra, que é o arquitecto municipal, máis á dirección executiva que é o Sr.Casais e en base ese informe se lle pediu á empresa que adoptase as medidas para entre outras cousas fixar a seguridade das planchas de pedra que se están despegando e que se ven dende fora.

Prosegue dicindo que non houbo ningún tipo de resposta. Respecto das humidades sinala que nos últimos tempos foron a máis e que por parte das traballadoras da Casa de Cultura se lles viña manifestando a súa preocupación porque en moitos despachos, camerinos, na sala de exposicións e incluso no foso do ascensor ten habido ata quince centímetros de auga e explica que teñen que recurrir varias veces a extraela . Prosegue explicando que lle requiriron varias veces á dirección de obra un informe ao respecto, facendo caso omiso dese requirimento polo que indica que tiveron que acudir a un técnico externo, segue dicindo que o informe consta ahí e que as patoloxías a simple vista teñen que ver con problemas na cuberta; con problemas nas baixantes e con outro tipo de filtracións e que os custes cuantificados para a resolución dos mesmos son entorno a sesenta e cinco mil euros .

Continúa explicando que se trae este asunto ao Pleno porque é o órgano que lle corresponde esixir a responsabilidade de cubrir eses desperfectos entendendo que son erros, vicios ocultos para o cal, explica, que como saben existe un prazo de quince anos e senón non se resolverían ou non se resolverían por quen lle corresponde a responsabilidade de quen executou a obra, de asumilo. Prosegue dicindo que isto pode pasar nunha casa particular, nunha edificación particular e tamén nunha edificación pública e sinala que cre que responsabilidade por parte de quen son representantes dos cidadáns de velar por estes temas e polo tanto pedir que se reparen eses defectos dese edificio.

A continuación intervén o Sr.Miñones Riveiro que indica que a casa de cultura dou bastantes quebradeiros e que os segue a dar e sinala que son conscientes que hai unha serie de deficiencias na casa de cultura pero di que dende o partido socialista como a casa de cultura se encontra nun proceso xudicial, o partido socialista e neste caso é que o representa e é unha das persoas que esta involucrada nese proceso xudicial sinala que se vai a abster.

Deseguido intervén a Sra.HermidaTomé que di que neste caso ten pouco que dicir dado que cando se fixo esa obra tivo dous anos de garantía e devolviuse o aval e pensa que tiña que ser un ciclo pechado e que polo tanto indica que se vai abster neste punto porque pensa que é cara a maio que está á volta da esquina e que hai que traer cousas con ou sen sentido e que para ela a título persoal pensa que é un sen sentido porque se a un coche lle dan cinco anos de garantía ao sétimo tampouco pertence e que polo tanto se vai a abster.

A continuación intervén o Sr.Amado Sambade que manifesta que están totalmente de acordo que se ten fallos a empresa ten que reparalos, claro que si pero indica que o Sr.Alcalde como sempre está mentindo, que non se poden fiar moito vai deixar que faga o que lle pareza e que se van a abster e que están totalmente de acordo que se ten fallos os reparen.

Deseguido intervén o Sr.Rodríguez Blanco que di que como sinala o Sr.Miñones xa levan tanto tempo co tema da Casa de Cultura que os arranxe, que os arranxe o Concello, que os arranxe quen teña que arranxalos. Segue dicindo que cre que a obra como da Casas de Cultura, se hai humidades ou hai algunha goteira hai que arranxala e que faga o que queira como xa fai sempre pero que se ten que facelo o Concello, que reclame a quen teña que reclamar pero que cre que solucionar estes problemas e que non poden vir aquí a outro Pleno e non hai nada pero que se o Sr.alcalde o dí e os técnicos algo pode haber e que cre que hai que arranxalo polo concello e que despois o Sr.alcalde mire o que teñan que facer e que cre que é importante solucionar estas deficiencias.

Volve a intervír o Sr.alcalde que responde que evidentemente o que están plantexando aquí é subsanar deficiencias que son evidentes e que tamén están plantexando dentro dos prazos que a lei establece e están facendo o que debe facer un goberno responsable ou unha corporación responsable pero que claro se teñen intereses coa constructora pois que se vai dicir non non, isto é política, isto é campaña, isto é non sei que e que el invita tanto a Sra.concelleira de IxV, como o Sr. concelleiro do PP á que visiten a casa de cultura e que vexan os problemas que hai e que non son problemas inventados, evidentemente. Segue explicando que se se trae agora ao Pleno é por unha cousa, que é porque se lle requiriu e non o quixeron facer senon non se traería ao Pleno e sinala que as xestións fixéronse de xeito ordinario pero indica que claro que aquí estamos acostumados a que saígan gañando sempre os mesmos e di, que non, que existe unha lei e hai que aplicala e que el alucina coa representación que teñen aquí algúns sobretudo do partido popular, porque IxV xa saben quen lle financiou a campaña. Segue dicindo que co partido popular alucina e que hai que ter ben pouca vergonza para dicir o que dí pero que xa saben de que van e a quen deben tamén favores e que conste claro que si está sub iudice o da casa da cultura pero está sub iudice todo o que se fixo de obras de máis e os custes de preto de un millón de euros que eso se está investigando pero que non está sub iudice arranxar os problemas pero que dende logo el respecta a súa posición (refírese ao Sr.Miñones) pero que lle quere recordar que quen presentou a denuncia no xulgado de Corcubión foi o Partido Popular.

O Sr.Amado Sambade pidelle a palabra ao Sr.Alcalde.

O Sr.alcalde respóndelle que non que agora está falando el e que xa falou e que pudo dicir o que lle dou a gana.

O Sr.Amado dí que é por alusións.

O Sr.Alcalde respóndelle que non existen alusións.

O Sr.Amado dille que si que existen alusións.

O Sr.Alcalde vólvelle dicir que non existen alusións.

O Sr.Amado Sambade dille ao Sr.Alcalde que el sabe perfectamente que o partido popular non denunciou iso que quen o denunciou foi a Sra.Carmen Borbujo a título persoal e que o partido popular pediu sempre explicación causa que o Sr.Alcalde nunca as pediu e que se están aproveitando duns feitos que non moveron unha palla e que a quen lle tiña que pedir explicacións é ao Sr.Miñones que foi...

Interrompe o Sr.Miñones para preguntar onde estaba Carmen Brobujo naquel momento.

O Sr.Amado Sambade respóndelle que a título persoal e que o Sr.Miñones o sabe e segue dicíndolle ao Sr.Alcalde que lle ten que pedir explicacións ao Sr.Miñones que era alcalde nese momento e non a él.

O Sr.Miñones Riveiro dille que pouca vergoña teñen.



Concello de Vimianzo

O Sr. Amado Sambade volve dicirle ao Sr. Alcalde que aproveitaron iso pero quen denunciou foi a Sr. Carmen Borbujo a título persoal e que o partido popular pediu explicacións e di que se aquí neste caso a empresa ten que reparar os danos, ten que reparalos para iso hai unha lei pero dille que como sempre anda a trapallada, como andivo sempre porque é un trapalleiro, o que ten que facer é aplicalo así, se o ve así, pero dille que non diga pola súa boca o que outros non din e dille ao Sr. Miñones que el era alcalde.

O Sr. Miñones preguntalle se a Sra. Borbujo naquel momento era palilleira, con respecto as palilleiras.

O Sr. Amado Sambade respóndelle que era médica.

O Sr. Miñones Riveiro preguntalle ao Sr. Amado Sambade se non representaba ao partido popular, se non o representaba a el.

O Sr. Amado Sambade dille ao Sr. Miñones Riveiro que el sabe que na senteza...

O Sr. Miñones Riveiro respóndelle que quen o sabe é él.

O Sr. Amado Sambade replica ao Sr. Miñones Riveiro que el sí que o sabe que era o que gobernaba, que el era alcalde.

O Sr. Miñones Riveiro preguntalle ao Sr. Amado que era a Sra. Borbujo.

O Sr. Amado respóndelle que era médica e portavoz do partido popular e que denunciou a título persoal.

O Sr. Miñones Riveiro respóndelle que a título persoal non.

O Sr. Amado Sambade dille que era alcalde e que está imputado por algo.

Intervén o Sr. alcalde pídelles un pouco de respecto.

O Sr. Amado Sambade di que se ten que ter el respecto.

O Sr. Alcalde pide un pouco de respecto na forma de falar.

O Sr. Amado Sambade di que sabe perfectamente que a cousa non é así.

O Sr. alcalde pídelles que cale e dille que acaba de interromper o Pleno, que estaba el falando e que o interrompiu e non lle deu a palabra e que o volve a interromper e pídelles un pouco de educación.

O Sr. Miñones Riveiro pide desculpas.

O Sr. Amado Sambade interrompe.

O Sr. Alcalde faille unha segunda advertencia ao Sr. Amado Sambade.

O Sr. Amado Sambade respóndelle que iso gústalle moito.

O Sr. Alcalde di que cre que vai sendo hora de por un pouco de orden e di que entende o debate que houbo pero hai que parar as cousas.

O Sr. Amado Sambade di que está ben.

O Sr. alcalde prosegue dicindo que hai que entender que se un fai a crítica vai recibir a crítica e dille ao Sr. Amado Sambade que dixo que se ía a abster e e normal que reciba a crítica porque evidentemente o partido popular foi quen presentou esa denuncia e, diga o que diga, a Sra. Borbujo era a portavoz do partido popular e fíxoo fai catro anos antes das eleccións, que se acorda perfectamente e dille ao Sr. Amado Sambade que naqueles momentos estaba no partido popular.

O Sr. Amado Sambade dille que agora igual.

O Sr. Alcalde respóndelle que veña un pouco de respecto e educación e que falou o que quixo e como quixo, dille que o insultou.

O Sr. Amado Sambade dille que faltaría máis e que se acorda cando o Sr. Alcalde estaba na oposición e dille se agora o iluminou un santo, e di "por favor, home, por favor" e que el non foi monaguillo.

O Sr. Alcalde di que se este é o nivel dos políticos do partido popular que veña outro a salvamos.

O Sr. Amado Sambade respóndelle que están aquí.

O Sr. Alcalde di que o que non sabe non se lle pode facer máis.

Rematadas as intervencións e sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por catro votos a favor do BNG (Sr. alcalde, Sr. Mancebo Amigo, Sra. Ramos Rey e Sr. Trillo Lema), ningún

voto en contra e seis abstencións de IxV (Sra. Hermida Tomé), do PP (Sr. Amado Sambade e Sra. Quintáns Fidalgo), dos concelleiros non adscritos (Sr. Rodríguez Blanco e Sra. Vázquez Miñones) e do PSdeG-PSOE (Sr. Miñones Riveiro), aproba o ditame da comisión.

8. Ratificar a Resolución da Alcaldía núm. 371/2015 do 10/03/2015 pola que se aproban os proxectos corrixidos incluídos no 'Plan de Aforro e Investimento (PAI) 2015'.

O Sr. Alcalde dalle a palabra á secretaria accidental para dar lectura ao ditaminado na Comisión Informativa de Obras, Urbanismo, Medio Ambiente e Sostenibilidade de data 24/03/2015, que dí o seguinte:

"(...) a Comisión Informativa de Urbanismo e Obras, por tres votos a favor do BNG e PSOE, unha abstención do concelleiro non adscrito e ningún voto en contra, ditaminou favorablemente a dación de conta da Resolución da Alcaldía núm. 371/2015 de data 10 de marzo de 2015, pola que se aproban novamente os proxectos incluídos no PAI 2015 redactados por Vicente Rivas Negreira e Martín Lema Pose, ao ser requerida a subsanación de deficiencias por parte da Deputación. A Deputación esixe que se ratifique a resolución polo Pleno. (...)

O Sr. Alcalde explica que estes son erros materiais que non inciden para nada nin no obxecto nin na partida e que son consecuencia dos técnicos e sinala que nese sentido non hai nada máis que explicar.

Non hai máis intervencións.

Sometido o asunto a votación, o Pleno do Concello, por unanimidade dos seus membros presentes, ACORDA aprobar o ditaminado ao respecto na antedita Comisión Informativa.

9. Proposta respecto do exercicio do dereito de retrauto por parte da Xunta de Galicia en favor do Concello de Vimianzo en relación co Pazo de Boallo.

O Sr. alcalde dalle a palabra á secretaria accidental para dar lectura ao ditaminado na Comisión Informativa de Réxime Interior, Seguridade e Servizos, do día 24 de marzo de 2015, que dí o seguinte:

"(...) a Comisión Informativa de Réxime Interior, Seguridade, Servizos e Asuntos Xerais, por dous votos a favor do BNG, dúas abstencións do PSOE e IxV e ningún voto en contra, ditaminou favorablemente a proposta de acordo (...). Proposta de acordo: " (...) Instar á Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, para o caso de que se dean os requisitos previstos no artigo 27 da Lei 8/1995, do 30 de outubro, de Patrimonio Cultural da Comunidade Autónoma de Galicia, a que exerza o dereito de retrauto previsto no apartado terceiro do artigo 27 en favor do Concello de Vimianzo, asumindo este concello os gastos correspondentes. (...)"

En primeiro lugar o Sr. alcalde explica que se trae este punto o pleno a iniciativa, a petición do partido socialista que no seu momento nunha entrevista ao Sr. alcalde nunha emisora de radio solicitou que se debatira en Pleno e sinala que o planteamento e o seguinte: o concello tivo coñecemento de que se vendeu o Pazo de Boallo por quince mil euros máis a finca anexa por outros quince mil, que entenderon que está dentro dos requisitos previstos pola lei para que a administración se poida facer, poida exercer o seu dereito de retrauto e como a administración que o debe de facer é a Xunta de Galicia solicitanlle que así o faga no sentido de que entenden que debería de ser un ben de titularidade pública, entre outros motivos porque no seu momento xogou un papel de ser un centro de opresión dos veciños da parroquia de Berdoias, que como todo mundo sabe ou debería saber estiveron en réxime feudal ata o ano dous mil, como caseiros



Concello de Vimianzo


sen ser donos das súas propiedades, nin das súas casas, tendo que facer verdadeiros esforzos económicos para ceder as mesmas no seu momento; enormes esforzos económicos que sinala que contrastan co barato que se vendeu este pazo. Segue dicindo que neste sentido cren que é de xustiza histórica reivindicalo, que ten moitas utilidades dende facer un museo precisamente da historia propia da parroquia de Berdoias ou para outro tipo de destinos que se poidan promover. Segue explicando que se solicitou formalmente á Xunta de Galicia que se exerza este dereito e que ten unha entrevista coa directora xeral este martes e que espera que haxa unha boa recepción a esta proposta. Prosegue dicindo que esta proposta non é a primeira vez que se fai, que non é a primeira vez que as xentes da comarca, a xente do mundo da cultura reivindica a adquisición para a titularidade pública do pazo de Boallo. Por último di que esto é o que se trae a debate deste Pleno.

A continuación intervén o Sr. Miñones Riveiro que di que dende o partido socialista están totalmente de acordo con que sexa a administración autonómica a que faga que se cumpra a lei e sinala que tiña pensado outro sentido do voto pero que dependendo do que responda que lle dea algunha persoa. Por outro lado sinala que despois de facerlle a pregunta da entrevista da radio saíu o partido popular, o Sr. Amado dicindo que vostede (refírese ao Sr. Alcalde) era consciente de que eso non era un BIC, de que non estaba catalogado e indica que se non esta catalogado non hai dereito a retracto, e que xa sabía no dous mil once quen comprara ese pazo e sinala que dependendo da resposta que lle dea o Sr. Amado será o seu sentido do voto.

Deseguido intervén a Sra. Rodríguez Ordoñez que sinala que quere manifestar varias cousas. En primeiro lugar sinala que o seu voto xa está decidido pero que quere manifestar varias cousas para que os veciños vexan que tipo de goberno, como maquillan, como preparan as cousas, como encargan as cousas a medida e sinala que isto é de escándalo e que o poden probar con documentos que incluso o Sr. alcalde en proposta de alcaldía do dezanove de marzo de dous mil quince e di que o Sr. matemático superentendido estalle chamando a o pazo dunha maneira para camuflar o que el quere plasmar. Segue explicando que por un lado o Sr. alcalde chámalle pazo da Pedriña ao pazo de Boallo e di que cre que no pouco tempo que teñen para estudar estas cousas e analizaron e cren que non é o mesmo pazo porque no informe que o Sr. alcalde encargou, que supón un máis a medida, o Sr. Ángel Concheiro Coello manifesta que non é o mesmo e di que o Sr. Alcalde na proposta da Alcaldía chámalle Pazo da Pedriña e di que ela cre que nada ten que ver co Pazo de Boallo e di que el mesmo, e que esto con documentos que hai no expediente e que tiveron acceso na comisión.

Por outro lado, sinala, que independientemente da medida que el tome, porque dende IxV lle van deixar liberdade e anunciarlle que se van a abster, pero quere manifestar as falsidades, que sinala que trata de vender con informes a medida coa temática toda, que é o que lle gusta, pero que quere aclarar que esta vendendo, mezclando os tres niveles que hai neste caso para calificar neste caso o Pazo. Segue dicindo que en ningún caso polos estudos que poideron facer dende IxV, sinala que hai tres niveles pero en ningún caso corresponde este Pazo a ningún deles e indica que non teñen ningún interese particular, simplemente que as cousas se fagan ven e dille ao Sr. Alcalde que se quere pelear co patrimonio, coa Xunta, como lle gusta pelear, que sinala que lle encanta e sobretudo aquí que non se olvide que foi un aliado que agora non interesa, aquí en Vimianzo ou están co Sr. Alcalde ou están contra el e entón os que están contra o Sr. alcalde sinala que como se lle ocorra moverse hai que desangralos, que é como neste caso e en moitos máis pero que neste caso por riba mesturando nomes, mesturando datos, que con informes a medida se mesture a información que é real con este tema porque indica que hai que recordar que o Pazo de Boallo, e cre que así tamén responde ao Sr. Miñones, non está no BIC aínda que sinala que aquí está nunha ficha en patrimonio pero non está no BIC. Segue dicindo que se se fixo mal non vai ir contra iso, sinala que non sabe se se fixo mal, se está mal ou o que sexa pero indica que non está no BIC, nin no BPC, nin no primeiro nivel nin no segundo nivel, polo que sinala que cre que non teñen ese dereito pero que lle van deixar a pelota no seu tellado, que se

quere pelear co presidente da Deputación, co da Xunta, cos de Patrimonio, que de sentarse, iidiar e negociar non sabe o que é nin coa oposición de Vimianzo, nin co goberno de Galicia porque non tivo capacidade en catro anos, porque indica que o demostrou, que non tivo a capacidade de ser con nadie e inda por riba quere pelear nun tema mesturando as cousas porque sinala que nas normas subsidiarias do ano noventa e catro este pazo non figura, estea ben, fíxose mal, fíxose ben, se hai ese expediente non o sabe, se é un erro non manifesta nada sobre eso pero di que o que non é normal que o Sr. Alcalde se invente que se está no BIC, que si está no BPC, que si está inventariado e di que non é ningún dos tres casos e sinala que era algo que o Sr. Alcalde xa coñecía no dous mil doce pero que non lle interesaba ir contra esta operación que lle interesa hoxe e sinala que outros intereses oscuros terá o Sr. Alcalde que contar pero que neses momentos non lle interesaba, dille que el foi consciente desa segregación, que participou nesa Xunta de Goberno, que foi sabedor desa compra e dille que quere advertir outra cousa que non vai a ser que por ir contra unha persoa que agora mesmo non vai no seu camiño afecte a outras familias e di que a ela gustaríalle advertir isto non vai a ser que ese capricho perxudique a outras familias, que os caprichos saen caros, porque os informes a medida, páganos os veciños, que a súa propaganda págana os veciños, entón non costa nada pero sinala que os caprichos de ir así a por familias como el leva catro anos, bueno dille que leva moitos, buscando cousas a medida para el saír e vender e saír na prensa rosa que é o único que lle queda sinala que é un pouco triste. Segue dicindo que se ten dereito e están documentados ela retira o que dixo pero dille que demostre que este pazo esta inventariado, no BIC ou no BPC porque serían os dous niveles nos cales habería dereito de retracto e sinala que sendo así o seu voto cambiaría pero a día de hoxe coa información que teñen non corresponde entón dille que non mezcle que está catalogado, que esta inventariado, que non mezcle con conceptos que non é así, que el coñece moi ben pero quere mezclar e que tanto quere mezclar que quere nombrar na súa proposta da alcaldía do dezanove de marzo de dous mil quince estalle chamando pazo da Pedriña que nada ten que ver con esto que o mesmo informe de doce de febreiro de dous mil quince manifesta o informe deste Sr. que non é o Pazo da Pedriña que e outro que está na mesma parroquia de Berdoias pero que non é o pazo de Boallo e dille que está nomeando iso porque ese si está inventariado e pregunta porque esta película, pregunta a que ven, e se é por intereses dille que os arranxe el, que se son intereses particulares e caprichos por cortar cabezas dille que non utilice o concello de Vimianzo, nin a xente de Vimianzo porque non merece iso e dille que vaia el e o Sr. Fernando Mancebo contra quen queira ir pero que non utilice sobretudo as arcas municipais para isto, para encargar informes e para facer cousas a medida e repite que por moito que queira vender que venda o que queira por dañar a súa imaxe, que leva moitos anos con esa obsesión pero que lle da igual, que ela xa está curtida, que xa son moitos anos co a mesma retórica porque se non ten inventa porque ata vai manifestando cousas que nin sequera ela dixo pero que todo chega a súa hora pero dille que diga a verdade que aquí non é que llo conte, que llo dixo, que llo está demostrando con documentos, porque se temos dereitos porque é correcta a documentación, non manipulando si catalogada, si inventariada, si está no BIC, se non está, se temos unha ficha derepente que aparece, se está ben di que vaian, pero que documento ben os documentos, e dicir, documento ben toda a información que teñen porque o alarmante sinala que é isto que encontre unha providencia do outro día donde o Sr. alcalde lle está chamando doutra maneira e cando un informe que adxunta no expediente poden comprobar según le neste informe que non é o mesmo, que intereses ten o Sr. Antelo para chamarlle pazo da Pedriña e di que porque este si está inventariado e di que con eso van a patrimonio e se teñen razón e preguntalle se ten algún tipo de interese pero non a caprichos, por cortar cabezas, e di que como eso estao dicindo de forma xenérica e que por desgraza neste concello de Vimianzo, neste últimos catro anos, non é o único que houbo, di que como esto cincuenta casos, e dille que o que non lle gusta, o que non lle vai polo seu camiño, trata de tiralo a onde sexa, ao mar para poder ou para poder desaparecer, para desangralo ao primeiro que encontre en contra del e que lle pide por favor que documenten ben as cousas e se pode probar o que está dicindo aquí, pero probalo non co que teñen. Segue dicindo que lle gustaría tamén que lle respondera porque neste expediente algo que leva facendo



Concello de Vimianzo

publicidade, un punto máis da campaña como outros moitos, porque isto é un punto máis, pregunta porque non hai un informe da secretaria neste expediente e dille que llo gustaría saber porque sinala que nun expediente como este non hai un informe da secretaria ou polo menos ten que dicir que a eles non lle deron copia e sinala que non sabe se ten algunha explicación o tema. Prosegue dicindo que resume que IxV vaise a abster, que non ten ningún interese nisto e que se desde logo esta documentado e o que quere dicir a anacos é certo rectificaran o seu voto pero cun documento non por capricho por ir contra dunha persoa, se o documenta e é certo dille que o traiga ao Pleno e o rectifican porque sinala que non teñen ningún interese neste asunto, ningún e se é un pazo e ten todos os dereitos indicalle que vaíamos a elo e que se recupere o pazo, neste caso a Xunta, pero que enfrontarse porque o Sr.alcalde corte unha cabeza, non. E por último sinala que IxV polo dito abstense.

A continuación intervén o Sr.Amado Sambade que lle di ao Sr.Alcalde que sabe perfectamente que o pazo de Boallo non é o da Pedriña, que o pazo de Boallo non está catalogado, nin reflexado nas normas subsidiarias, nin no planteamento de Vimianzo e dille que non é o mesmo estar inventariado que estar catalogado e dille que non sabe a onde os quere levar con esta trapallada, outra trapallada máis das del e que o único que está conseguindo é por os veciños en revuelo e afectándolle aos veciños de Boallo e di que dende o partido popular se van a abster.

Deseguido intervén o Sr.Rodríguez Blanco que dille ao Sr.alcalde que lle gustaría que lle aclarara que dixo que isto veu a raíz dunha pregunta do partido socialista e pregunta se foi por escrito ou foi por teléfono porque cre que un tema desta embergadura ten que ser unha cousa máis seria. Segue dicindo que se lle chaman por teléfono e outro lle di :Sr.Antelo mire habería que mirar se aquela casa ten auga ou non a ten, cre que non ten moito sentido e que saben todos a que ben isto e di que el di de acabar dunha vez con esta persecución contra esta persoa e dille que conseguiu o que quería, que lle abriu un expediente disciplinario, que o sancionou, o castigo máis grave que se lle fai a un funcionario e que xa está, que deixe o tema e que se ten razón nisto que tire para adiante, que está claro, que si esto pode revertir no concello de marabilla, e dille que terá que buscarse a vida, e dille que non cre que vai a ser el, seguramente, de darlle xeito, de arranxalo pero que deixe de acabar de machacar a este funcionario que é unha persoa, que ten unha familia, que ten unha vida, e que non saia todos os días no periódico fusilando nel e que xa conseguiu o que quería, xa está na casa e que se quere tirar pa diante, e ten razón, que tire para adiante pero que cre que non a ten polo que esta oindo pero que deste tema a verdade el non mirou nada pero di que polo que está comentado a compañeira cando lle cambia os nomes xa é algo raro pero cando cambia un nome por outro xa é sospechoso pero se ve que ten razón e isto é así, dille que tire para adiante pero que deixe tranquila a esa persoa dunha vez porque estamos sempre machacando sempre co mesmo tema, o arquitecto municipal, e di que agora xa non é arquitecto municipal e dille que o deixe, que se ten razón e quere facelo pois que tire para adiante pero que faga as cousas con sentido que non vaimos pleitar outra vez, que se gasten os cartos e non saquen nada, e que lle dea unha explicación que teña fundamentos e que teña peso porque el polo que acaba de oír non ten fundamento ningún e é outro capricho contra un funcionario, contra unha persoa que leva machacando nela pois moitísimo tempo, como con outras máis non é só el pero que acabou, que acabou con él, arruinoulle a vida, arruinoulle o posto de traballo pois xa está, que está contentísimo co tema, que saben que o está pois dille que non siga machacando na prensa porque o arquitecto comprou, porque sabía e dille que el estaba na Xunta de Goberno Local cando fixeron a segregación e máis cando comprou e dille que o sabía perfectamente, el e o Sr.Mancebo que naquel momento era íntimo amigo.

O Sr.Mancebo dille que minte.

O Sr.Rodríguez Blanco prosegue dicíndolle ao Sr.Mancebo se non sabía que a comprara, o que pasa e que se lle escapou que a quería comprar o Sr.Mancebo pero que se lle escapou, que esa é a xogada e segue dicindo que de verdade lle pediría que deixen tranquila a esa xente, a ese Sr., a esa familia e vólvelle a repetir ao Sr.Alcalde que teñen fillos e teñen familia e dille que se lle

interesa politicamente aínda que el cre que se está equivocando moitísimo porque os veciños de Boallo queren tranquilidade e di que tiveron moitos problemas para comprar os seus terreos e non llos querían vender, e que os compraron e que os deixe tranquilos co que fixeron e co que compraron pero que se está encaprichado con isto é dille que está pero que despois das eleccións acabouse, que xa non se acorda máis de Boallo nin sabe xa onde está, aínda que di que nin sequera alí iría. Segue dicíndolle que lle pediría que deixe tranquilo a ese Sr.e que se ve que ten tal que tire para adiante que co seu apoi non o vai ter porque cre que isto é unha auténtica animalada o que quere facer pero pediríalle que deixe de andar sempre co mesmo tema machacando, machaca, machaca porque falan de que a xente tamén se cansa.

A continuación intervén o Sr.Alcalde que indica sinalan que é unha animalada e me vou a abster, sinala que vaia responsabilidade e dille que se é unha animalada debería votar en contra e di que aquí hai dous planos e que sólo falou dun, que falou dun edificio emblemático, o Pazo de Boallo, o único que hai en Berdoias, que nas normas subsidiarias se lle chama Pazo de Pedriña, que por eso o refiren así. Segue dicindo que evidentemente sabe que o Pazo da Pedriña está en Berdeogas, non en Berdoias.

A Sra.Rodríguez Ordoñez dille que certo.

O Sr.Alcalde dille que llo ten que dicir.

A Sra.Rodríguez Ordoñez dille que está aquí escrito.

O Sr.Alcalde di que llo ten que dicir pero que eles lle chaman como aparece nas normas para que ninguén lle diga que non está nas normas subsidiarias, que está no inventario de bens patrimoniais, Pazo da Pedriña, e que por iso lle chaman así. E prosegue dicindo que as normas de Vimianzo non poden inventariar un pazo que sexa doutro concello e dille a Sra.Rodríguez Ordoñez que vexa que rápido lle desmotou os seus argumentos.

A Sra.Rodríguez Ordoñez dille que nin o primeiro.

O Sr.Alcalde dille que faga o favor, que ela falou, que dixo o que lle dou a gana, co tono que lle dou a gana, empregando as palabra que lle dou a gana, tratando ofender o máximo que pudo e que el lle respetou totalmente o seu turno de intervención e dille que faga o favor e respete aos demais. Segue dicindo que el aquí fala de dous planos, un edificio público, ¿imos a por él ou non?, nooo! que vá! é unha manobra do alcalde para cortarlle a cabeza a non sei quen, e dille que el non dixo aínda que era o propietario inda que se saiba quen o comprou.

Segue dicindo que fose quen fose cre que había que ir o dereito de retrauto, segundo fose o prezo que prezo salvo que sexa unha animalada, terceiro sendo quince mil euros sinala que é de tontos non ir porque se fai un beneficio aos veciños, se restitúe a memoria de moita xente e toda unha parroquia que estivo humillada ata o ano dous mil. E indica que por certo o seu acceso foi por certo a través dunha lei especial ao respecto de redimir os foros históricos.

Segue dicindo que agora falen doutro plano, que eles están todos moi contentos e que lles parece normal que un funcionario municipal emita un informe para despois beneficiarse e dille que lles parece normal pero a eles non e iso xa terá outra vía. Segue dicindo que a eles non e é o que os distingue a uns dos outros, que o sabe todo mundo, que é o que os distingue e que a eles iso non lles parece normal. E segue dicindo que ten un nome e é moi grave, e que non lles parece normal pero que iso é outra historia.

E segue dicindo que agora ven o que practicaron sempre, o medo, coidado que se pode revisar papeis que se fixeron antes. E dilles que logo eles que estaban antes sabran como fixeron as cousas e que serán os responsables de enganar antes a xente, darlle documentación falsa, que terán medo a iso e que el, dende logo, non porque di que toda a xente que tivo acceso as súas propiedades ten delimitado legalmente ese dereito exercido non ten absolutamente ningún problema. Prosegue dicindo que outra cousa é, que obviamente haxa que anular a segregación por exemplo da parcela que circunda o pazo, que explica que como saben se segregou dicindo que se ia facer unha plantación de kiwis que non existe por ningún sitio e que tamén vai sobre a



Concello de Vimianzo

mesma persoa pero indica que eses son outros asuntos e sinala que el non traia aquí este debate, que non o iniciou el, que o iniciaron eles e que está en cantado porque demostra de cara a cidadanía o que defenden uns e o que defenden outros. Séguelles dicindo que lles parece normal que den un cargo, un se aproveite da súa situación, e o informo e o mesmo tempo o vou a comprar e segue dicindo que cando se informou esa segregación xa estaba vendida polo menos de palabra e cre que entón foi definitivo e di que aquí ou por unha ou por outra, que se un trae proposta que lle pide a oposición resulta que a outra parte da oposición lle di que teñen que pedir esas propostas por escrito e segue dicindo que lle parece normal que nun medio de comunicación o Sr. Miñones lle pregunte, lle dixera que compartira cos grupos este tema e explica que o trouxo ao pleno aínda que explica que non tiña porque traelo para pleno porque a unha competencia do alcalde pero a el parecelle que un tema de suficiente importancia e di que non entrou, que entraron eles na cuestión colateral ao respecto da responsabilidade dun funcionario municipal que se aproveita do seu posto para informar unha segregación do pazo que despois vai comprar e que lle indica que a eles lles parece moi ben e sinala si eso é que o alcalde vai cortar cabezas e di que é o que ten que facer o alcalde, se mirar para o outro lado e segue dicindo que se un esixe que se cumpra a lei está cortando cabezas e di que isto é patético.

Rematadas as intervencións e sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por catro votos a favor do BNG (Sr.alcalde, Sr.Mancebo Amigo, Sra.Ramos Rey e Sr.Trillo Lema), ningún voto en contra e sete abstencións de IxV (Sra.Rodríguez Ordoñez e Sra.Hermida Tomé), do PP (Sr.Amado Sambade e Sra.Quintáns Fidalgo), dos concelleiros non adscritos (Sr.Rodríguez Blanco e Sra.Vázquez Miñones) e do PSdeG-PSOE (Sr.Miñones Riveiro), aproba o dilame da comisión.

10. Toma de coñecemento da renuncia do concelleiro do Partido Popular D.Juan Silva Jallas.

Auséntase neste punto o concelleiro do partido popular, D.Juan Carlos Amado Sambade.

Consta no expediente escrito con RE núm.2268/2015, de 23/03/2015 presentado por D.Juan Silva Jallas no que comunica a súa renuncia á acta de concelleiro así como as obrigas que derivan de dita condición e solicita a posta en coñecemento do Pleno da Corporación desta renuncia e o cumprimento dos trámites preceptivos diante da Xunta Electoral Central para que se proceda a súa substitución.

Consta no expediente o anuncio do BOP nº 78, do 26 de abril de 2011, da Xunta Electoral de Zona de Corcubión de publicación das candidaturas ás eleccións locais do 2011.

En cumprimento do disposto na Instrucción do 10 de xullo de 2003, da Xunta Electoral central, sobre substitución de cargos electivos locais (BOE núm. 171 do 18/07/2003), a persoa á que lle corresponde cubrir a vacante é D^a. Sonia Martínez Lema, que ocupa o posto número dez (11) da candidatura do Partido Popular.

O Sr.Alcalde sinala que agora o que hai que facer é remitir a demisión a Xunta Electoral Central indicándolle o nome da persoa que o substituiría e esperar a que se achegue a credencial.

O Pleno da Corporación dase por enterado.

11. Comunicados oficiais.

A secretaria accidental da conta do seguinte anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia, respecto de asuntos de competencia plenaria:

- Anuncio de modificación da Ordenanza fiscal nº 24, reguladora da taxa pola prestación dos servizos públicos municipais de vivenda comunitaria, escola infantil, centro de día, comedor sobre rodas e lavandería sobre rodas, publicado no BOP núm.58 do 27 de marzo de 2015.

O Pleno da Corporación dase por enterado.

12. Dación de conta da liquidación do orzamento do exercicio 2014.

De orde do Sr. Alcalde, o interventor accidental explica que a liquidación do exercicio dous mil catorce foi aprobada por Resolución da Alcaldía núm.95/2015, de 13 de abril de 2015 e que explica que en síntese arroxa os seguintes datos:

Resultado orzamentario: 68.971,47 euros

Remanente de tesouraría: 437.369,31 euros

Remanente de tesouraría afectado: 30.544,96 euros

Remanente de tesouraría para gastos xerais: 347.446,31

O Pleno da Corporación dase por enterado.

13. Dación de conta de resolucións da Alcaldía-Presidencia.

En cumprimento do disposto no artigo 42 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, consta no expediente da presente sesión plenaria a relación de resolucións da Alcaldía-Presidencia adoptadas dende a sesión plenaria de carácter ordinario celebrada o 28 de febreiro de 2015, isto é, dende a resolución núm. 310/2015 do 25/02/2015 ata a resolución núm. 429/2015, do 24/03/2015.

A relación das ditas resolucións incorpórase á presente acta como Anexo I.

14. Dación de conta de informes económico-orzamentarios.

De orde do Sr. Alcalde, o Sr. interventor accidental explica que se da conta que se cumprío co requisito sinalado neste caso pola facenda estatal de dar cumprimento ao tema dos marcos orzamentarios que foi aprobado por Resolución da Alcaldía núm. 422/2015.

O Pleno da Corporación dase por enterado.

15. Mocións.

Non hai mocións.

16. Rogos e preguntas.

En primeiro lugar intervéñen o Sr.Miñones Riveiro que indica que ten un rogo e sinala que pediría que se comunicara a SEA, que é a propietaria do parque empresarial, a limpeza, que xa veñen reclamando porque sinala que da verdadeiro noxo os terreos que pertencen a SEA e sinala que agora co polígono empeza a subir hacia arriba sinala que lle gustaría que se requirira a SEA.



Concello de Vimianzo

O Sr. Alcalde respóndelle que así se fará.

A continuación intervén a Sra. Rodríguez Ordoñez que ten unha pregunta e varios rogos e respecto a unha sinala que coincide que lle gustaría saber como está o tema do polígono, a posta en marcha das empresas que xa poderían estar facendo uso definitivo das súas instalacións, saber como está se xa teñen os servizos todos, cando van a estar e demais.

Segue dicindo que quere facer un rogo xenérico e sinala que está convencida de que non o vai escoitar, que é unha persoa moi segura de si mesma pero que independentemente disto dí que a situación do Concello de Vimianzo non é agradable, por desgraza, e dille ao Sr. Alcalde que xa que presume que mira para unha cousa, que mira para outra cousa, sinala que nos últimos días lle chegan moitas queixas, aínda que a el non lle parece, e que algunhas chegan de maneira medio escodidos porque a presión que hai en Vimianzo sinala que a xente ten que vir con medo, por desgraza. Segue dicindo que hai moitas queixas por cousas que se están facendo e dille que eles que como goberno hai un anaco falaba que quería ver todo que no pasaría por alto nada e dille que hai cousas que si as está pasando por alto e segue dicindo que certas cousas que por exemplo na parroquia de Tines, en concreto, está habendo, parece ser unha obra enriba dun manantial nun acceso que o Sr. Mancebo pasa todos os días por diante pero ao mellor en lugar de mirar para a esquerda mira para a dereita, que iso non o sabe, pero que pasa por el; segue dicindo que hai certas cousas que revisar e como esas hai moitas no Concello de Vimianzo e que entón cre que a mellor cousa é que se fagan ben para que despois non haxa problemas porque segue dicindo que cousas sangrentas en Vimianzo hai moitas, que abriu moitas pero que se trata de que non abra máis, que se poidan facer as cousas ben, que se poidan documentar e que poidan ter os seus dereitos e sinala que nese sentido gustaríalle que tratase de mirar un pouquiño, e dí que sabe moi ben de que lle fala e que non ten porque dar máis detalles porque lle dí que é suficientemente intelixente para saber por onde vai.

